



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 2128/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de xullo de 2026**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D. Carlos López Font  
D. Gorka Gómez Díaz  
D<sup>a</sup>. M.<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro  
D. Pablo Luis Estévez Rodríguez  
D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup> Patricia Iglesias López.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e catro de xullo de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

S.ord. 24/07/2026



**1(627).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión do 17 de xullo de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(628).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 22448/240.**

Visto o informe xurídico de data 16/07/2026 e o informe de fiscalización do 17/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/07/2026, asinado polo xefe de Patrimonio e pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Pola xefatura de servizo de Patrimonio, co conforme da Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, redactouse o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación da póliza de responsabilidade civil e patrimonial do Excmo Concello de Vigo e os seus organismos autónomos .

Así mesmo, redactouse o 21 de maio do 2026 o Prego de prescricións técnicas para a súa contratación, incorporando igualmente ó expediente a memoria económica e xustificativa, asinadas nas datas 4/05/2026 e 21/05/2026, respectivamente.

**Segundo.-** O 9 de xuño do 2026 emitiu informe a xefa de área de contratación e novos proxectos conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo o 10/07/2026 á emisión dun novo Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación do Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Excmo. Concello de Vigo, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, correxindo os erros existente no anterior, sinalados pola asesoría xurídica o 9/7/2026.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 7.11.2025), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), téndose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

**Quinto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 15/05/2026.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa de Área de Contratación en data 10/07/2026.*

S.ord. 24/07/2026



*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de UN MILLON CATROCIENTOS MIL EUROS (1.400.000,00 euro ), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:*

| Anualidades | Importe      |
|-------------|--------------|
| 2026        | 350.000,00 € |
| 2027        | 700.000,00 € |
| 2028        | 350.000,00 € |
| Anualidades | Importe      |

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(629).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS) - PSTD CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS. EXPTE. 7179/241.**

Visto o informe xurídico de data 10/07/2026 e o informe de fiscalización do 15/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2026, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto das obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (PPT)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 12 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto de “Humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” - PSTD CASCO HISTÓRICO DA VILA DE Bouzas no marco do PRTR, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU”, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

**Segundo.-** O 25 de abril de 2025, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Adxudicar a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (2088-441) por un prezo total do contrato de 379.146,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 65.802,35 euros.”*

**Terceiro.-** Para responder do cumprimento deste contrato ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES S.L., CIF número B36494185 constituíu garantía definitiva mediante seguro de caución, prestado por ATRADIUS CREDITO Y CAUCION S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (en diante, ATRADIUS ou o asegurador), por importe de 15.667,23 euros, ingresado co número de documento 12025000030865 de conformidade co carta de pago da Tesourería municipal de data 1 de abril de 2025.

**Cuarto.-** O 30 de abril de 2025 formalizouse o contrato en documento administrativo por un prazo de 4 meses, contado a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo. Esta asinou o 25 de xuño de 2025.

S.ord. 24/07/2026



**Quinto.-** O 5 de maio de 2025, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, aproba o nomeamento da Dirección Facultativa da obra, que foi modificado en data 27 de xaneiro de 2026.

**Sexto.-** A execución da obra foi obxecto de varias suspensións:

1. En data 17 de xullo de 2025, unha vez rematados os traballos arqueolóxicos de sondaxes, de acordo coa resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 18/07/2024, asínase Acta de Suspensión Temporal nº 1 da obra, pendente da resolución da citada Dirección Xeral sobre a continuación da execución da obra. As obras reiniciáronse o 27 de agosto de 2025.
2. En data 5 de novembro de 2025, asínase Acta de Suspensión Temporal nº 2 debido a detección dun edificio con fendas na fachada dentro do ámbito de actuación da obra. En data 9 de decembro de 2025, e á espera de contar coa conformidade sobre os traballos de consolidación, procedeuse o reinicio das obras conforme ao informe técnico asinado polo dr. Enxeñeiro Industrial Javier de la Puente Crespo do 26 de novembro de 2025.
3. En data 12 de decembro de 2025, asínase Acta de Suspensión Temporal nº 3 da obra debido a prohibición do Bando de Alcaldía para a realización de calquera obra ou traballo que afecte á vía pública en Zona Centro durante as datas do Nadal. As obras recomenzaron o 20 de xaneiro de 2026.

**Sétimo.-** En data 6 de febreiro de 2026, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, aprobou a ampliación do prazo por un período adicional de 7 semanas e o novo programa de traballo das obras.

**Oitavo.-** En data 27 de febreiro de 2026, nunha visita a obra da dirección facultativa constata que non hai operarios traballando nin maquinaria no lugar. Tras varias visitas nos días seguintes, nos que continua a obra no mesmo estado, e varios intentos infrutuosos de contactar con representantes da empresa, o 13 de marzo de 2026 notifica ao contratista a convocatoria dunha reunión en obra o 17 de marzo para *“revisión do estado da obra e ver programación de traballos pendentes”*. Á reunión non se presentou ningún representante do mesmo.

**Noveno.-** En data 17 de marzo de 2026, D. Juan Carlos Núñez Fraiz, en nome e representación de ORESA, presenta escrito no Rexistro electrónico comunicando *“la imposibilidad de ejecutar el contrato en los términos pactados, debido a una situación sobrevenida de grave deterioro económico-financiero, que ha colocado a la empresa en un escenario de insolvencia inminente, con pérdida de capacidad real para sostener la continuidad ordenada de los trabajos, atender el pago corriente de suministros y garantizar, en condiciones de normalidad, la correcta ejecución material y temporal de la obra”*, por lo que solicita que se incoe un expediente de resolución do contrato.

**Décimo.-** En data 23 de abril de 2026, a dirección facultativa solicitou á asistencia Técnica á Dirección de Obra Municipal (contrato menor de 27/06/2025, expediente 2327/441) memoria valorada das actuacións necesarias para corrixir as afeccións existentes, eliminar as





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

situacións de risco e restituír unhas condicións mínimas de funcionalidade, estabilidade e seguridade da vía. Nesta mesma data a asistencia técnica presenta dita Memoria Valorada segundo solicitado. Esta memoria anexouse ao informe de situación da execución da obra que se cita no antecedente seguinte.

**Undécimo.-** O 27 de abril de 2026, a Dirección Facultativa emitiu informe ratificando a situación de parálise das obras, e solicitando á área de Contratación a tramitación da resolución contractual para evitar maiores prexuízos aos intereses públicos e aos fondos europeos vinculados.

**Duodécimo.-** En data 27 de abril de 2026, a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, resolveu iniciar o procedemento de resolución deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o día 28 e a recibiu o mesmo día.

**Décimo terceiro.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este non presentou alegacións.

**Décimo cuarto.-** Evacuouse trámite de audiencia ao asegurador, que formula alegacións mediante escrito presentado no Rexistro Xeral o 7 de maio de 2026. No mesmo solicita, entre outros extremos, a remisión íntegra do expediente administrativo e un novo trámite de audiencia.

**Décimo quinto.-** Por resolución da concelleira da área de 4 de xuño de 2026, acordouse enviar copia do expediente ao asegurador e concederlle un novo trámite de audiencia.

**Décimo sexto.-** ATRADIUS presenta novas alegacións mediante escrito presentado no Rexistro xeral o 11 de xuño de 2026.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Natureza do contrato e lexislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

S.ord. 24/07/2026



- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP.

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato de obras.

## -II-

### Da resolución dos contratos

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 2.3 e 43 do PCAP.

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou por resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos. O contrato que nos ocupa é un contrato de obras. O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 42 nos seguintes termos:

#### **“CLÁUSULA 42.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

*1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 245 e 246 da LCSP.*

*2.- Será causa de resolución do contrato o incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de coordinación de actividades empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010 e publicada no BOP do 29/03/2011, así como o incumprimento do código ético recollido na cláusula 24.1 deste prego durante a execución do contrato.*

*3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.G da FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

*no artigo 211.f da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 37.2a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.*

*4.- O incumprimento das condicións especiais de execución previstas na cláusula 27.1a) e b) deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f da LCSP, e será causa de resolución do contrato.*

*5.- No apartado 15.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.*

*6.- En todo caso, no suposto de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.3 e 213.5 da LCSP.”.*

O apartado 15.D das FEC non establece ningunha causa específica de resolución deste contrato.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 245 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de obras (artigo 245 da LCSP):

- j) A mora inxustificada na comprobación do replanteo.
- k) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses.
- l) A suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte da Administración.
- m) A desistencia.

A lei na actualidade recolle un principio determinado pola xurisprudencia e a doutrina dos órganos consultivos, aplicable no caso de que concorran dous ou máis causas de

S.ord. 24/07/2026



resolución, que determina que *“Nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecese con prioridade no tempo”* (artigo 211.2 da LCSP). Efectivamente, o Consello de Estado ven aplicando esa regra de prioridade, se ben, como indica o Ditame 985/2014, do 4 de decembro, se as consecuencias económicas da resolución fosen as mesmas, procedería resolver o contrato por calquera de elas.

-III-

**Da resolución do contrato de obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU)**

A causa de resolución concorrente no contrato que nos ocupa é o incumprimento da obriga principal do contrato, prevista no artigo 211.1.f., pois o contratista abandonou a execución da obra antes do seu remate. Así se desprende do informe técnico de situación do contrato, elaborado pola dirección facultativa o 27 de abril de 2026, no que se pon de manifesto que dende o día 27 de febreiro na obra non hai presenza de traballadores nin maquinaria no lugar, e polo tanto non hai actividade ningunha. De feito, no citado informe a dirección facultativa informa de que *“despois de realizar varias visitas á obra sen observar actividade de obreiros na mesma e múltiples intentos de posta en contacto co algún responsable da obra, notificase a empresa adxudicataria a convocatoria a unha reunión en obra para “revisión do estado da obra e ver programación de traballos pendentes”. A reunión convócase para o 17/03/2026. Na data indicada non se presentou ningún representante da empresa adxudicataria”*.

Ese mesmo día o contratista presentou un escrito por rexistro solicitando a resolución do contrato por mor dunha situación de insolvencia inminente que lle impide continuar con normalidade a execución da obra. No entanto, a insolvencia so é unha causa de resolución se así se declara nun procedemento ao efecto. O contratista limitase a apuntar a insolvencia como causa do seu incumprimento, máis non acredita ter sido declarado en concurso de acredores ou insolvente en ningún procedemento xudicial. En consecuencia, esta causa de resolución non pode ser invocada. Reforza este argumento o feito de que cando o contratista comunica ao órgano de contratación esta circunstancia xa tiña abandonado a execución da obra, polo que xa existía unha causa de resolución do contrato previa, o seu incumprimento da obriga principal do contrato. E tal como veremos no apartado seguinte ao tratar as formas de inicio de procedemento de resolución, non pode instar a resolución aquela parte a que lle sexa imputable a causa que da lugar á mesma (artigo 212.2 da LCSP).

O asegurador nos seus escritos de alegacións, de datas non comparte este razoamento. Considera que non consta acreditado no expediente se a insolvencia é anterior á paralización dos traballos ou posterior, por canto a causa de resolución sería diferente e tamén os efectos da mesma, e solicita que se requira ao contratista *“documentación económico-financiera acreditativa de la fecha en que se produjo la situación de insolvencia o deterioro económico”*. O certo é que:

O artigo 211.1.b) da LCSP esixe taxativamente a "declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera procedemento". O mero escrito autoinculpatorio do contratista do





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

17 de marzo de 2026, manifestando dificultades financeiras, non constitúe unha "declaración de insolvencia" formal nin xudicial. En consecuencia, constatase a inexistencia de declaración formal de insolvencia para poder apreciar a causa de resolución alegada polo asegurador.

O feito causante dar resolución é o abandono das obras. A paralización material das obras quedou acreditada e datada pola Dirección Facultativa o 27 de febreiro de 2026. Nesa data, o contratista incorreu de facto nun incumprimento da obriga principal do contrato (Art. 211.1.f LCSP). Non se dúbida dos problemas financeiros da empresa, e pode ser o causante dos incumprimentos contractuais, pero a insolvencia económica non declarada xudicialmente non actúa como un eximente de responsabilidade nin como unha causa de forza maior que borre a culpabilidade do abandono das obras polo contratista.

Respecto ás tres suspensións previas citadas pola aseguradora como posible causa dos posteriores incumprimentos, que sumaron 4 meses en total, compre dicir que estas foron aceptadas pola empresa e tramitadas conforme ao previsto no artigo 208 da LCSP, reanudándose as obras con normalidade. Polo tanto, non gardan nexo causal co posterior abandono unilateral do contratista da execución do contrato. En calquera caso, o asegurador non achega proba ningunha destes extremos, correspondéndolle a mesma consonte a regra xeral da carga da proba, se pretende, como fai constar no seu segundo escrito de alegacións, que se modere a responsabilidade do contratista e non se incaute a garantía totalmente.

En consecuencia, a única causa de resolución ata o momento é o incumprimento do contratista. Aínda que o contratista fose declarado insolvente con posterioridade xa non sería posible obviar que xa está incurso nunha causa de resolución do contrato, cal é o incumprimento culpable da obriga principal do contrato por abandono inxustificado das obras, o que lexítima a resolución polo artigo 211.1.f) da LCSP. E a data de hoxe non existe constancia de que o contratista promovera unha declaración de insolvencia en ningún procedemento.

A aseguradora alega unha discrepancia substancial entre os 75.625,28 euros que a proposta de resolución sinala como garantía a incautar e os 15.667,23 euros que figuran na súa póliza de caución do 21 de marzo de 2025 (Exp. 2088-441). Examinado o expediente, queda acreditado o erro material da resolución do inicio do expediente. Procede, en consecuencia, estimar a alegación da aseguradora e proceder a subsanar o erro material.

### -IV-

#### Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 212.1 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo

S.ord. 24/07/2026



211.1.i) (falta de pagamento de salarios aos traballadores), que non concorre neste contrato. Se ben, hai que ter en conta que a lei limita a posibilidade de instar a resolución, a aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP). No caso que nos ocupa o contratista solicitou a resolución do contrato o 17 de marzo de 2026 alegando a imposibilidade de executar o contrato nos termos pactados, debido a unha situación sobrevida de grave deterioro económico-financiero, que coloca á empresa nun escenario de insolvencia inminente. Máis tendo en conta a citada regra, procede iniciar o procedemento de resolución de oficio, pois o contratista abandonou a execución do contrato previamente á formulación da citada solicitude.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicárase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

Segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a LHL e o Real decreto 424/2017, os trámites do procedemento de resolución son os seguintes:

- 1) Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais, dado que trátase dun procedemento contraditorio (artigos 191.1 da LCSP e 109 do RLCAP). Evacuado o trámite de audiencia, o contratista non presentou alegacións durante o prazo conferido ao efecto.
- 2) Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior (artigo 109 do RLCAP). O asegurador presenta alegacións en datas 7 de maio e 11 de xuño de 2026, que foron respondidas no fundamento xurídico anterior.
- 3) Informe da Asesoría Xurídica (disposición final 2ª da LCSP e artigo 109 do RLCAP).
- 4) Fiscalización pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 da LHL e 16 do Real decreto 424/2017).
- 5) Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista (artigos 191.3 da LCSP e 109 do RLCAP). Neste caso non procede.
- 6) Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, que porá fin a vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 191.4 LCSP) deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, e ao seu asegurador, os demais trámites realizaranse logo dos citados trámites de audiencia, cando se resolvan as alegacións formuladas polos interesados, no seu caso, e se formule a proposta de resolución do contrato ao órgano de contratación.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### -IV-

#### Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

A regra común aplicable a todos os supostos de resolución é que o acordo de resolución deberá conter un **pronunciamiento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía definitiva** que, no seu caso, fose constituída. Se ben, a devolución ou non da garantía non depende dunha decisión discrecional da Administración contratante, senón da propia lei, que no artigo 111.1 condiciona a devolución ou cancelación da garantía a que a resolución se producise sen culpa do contratista. E o artigo 213 establece a incautación da garantía para algunha das causas de resolución, como a que nos ocupa. Así, o apartado 3 determina que se o contrato se resolve por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. Polo tanto, procede a incautación da garantía, polo que é preciso o cumprimento do trámite de audiencia ao asegurador. Con respecto a posible **indemnización de danos e prexuízos**, neste intre non é posible determinalos, por canto informa a dirección facultativa que:

*“A indemnización por danos e prexuízos provocada pola non continuidade da obra por parte do adxudicatario debe incluír segundo o que vai dito anteriormente, como mínimo:*

- *Custe da revisión e adecuación do valado periodicamente*
- *Custe da estabilización provisional dos terreos dentro da zona valada.*
- *Custe de redacción do proxecto construtivo das obras pendentes de execución.*
- *Coste indemnización a adxudicatarios dos contratos vixentes relacionados co da execución da obra (Asistencia técnica e Coordinación de seguridade e saúde).*
- *Diferencia do custe das actuacións a executar recollidas no proxecto orixinal con respecto ao custe do novo proxecto por redactar, debido a cambios normativos o incremento dos prezos de mercado vixentes.*

*A valoración de todas as actuacións descritas con anterioridade non se pode concretar con rigor neste momento temporal, xa que non é posible cuantificar con detalle na actualidade tódolos termos necesarios. Polo tanto, o cálculo da indemnización por danos e prexuízos se propón deixar para una futura liquidación do contrato”.*

Analizaremos os efectos específicos da resolución por incumprimento do contratista previstos no artigo 213.6 da LCSP. Estes son:

S.ord. 24/07/2026



- a) Poderá iniciarse o **procedemento de contratación para a adxudicación dun novo contrato** no momento de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato. Se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os procedementos.

Esta medida, que serve para garantir a continuidade na execución do contrato en aras do interese público concorrente, resulta axeitada no presente caso, pois trátase dunha vía pública e e necesario restablecela para o seu uso público.

- b) **O contratista quedará obrigado ata que se formalice o novo contrato, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación.**

A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.

Neste caso, é necesaria a adopción de medidas que garantan a seguridade así como para non perder o xa construído, tal e como informa a dirección facultativa no informe do estado de execución do contrato:

*“O estado actual da obra presenta un tramo de vía de aproximadamente 50 metros, dentro da rúa Pazo entre os números 1 e 19, parcialmente aberto e sen pavimento ou con pavimento provisional. Esta zona atópase perimetralmente acoutada con valado plástico, permitindo o paso peonil exclusivamente ao longo da rúa sen posibilidade do tránsito de vehículos. Este valado que separa a zona da rúa en obra da zona que non está en obra se encontra en correcta disposición e bo estado de conservación.*

*No interior da zona valada, a situación das gabias e do pavimento é precario no senso do progresivo deterioro dos mesmos polo abandono. Aparecen desprendementos dos bordes das gabias nas zonas abertas e disgregación da grava que cubre a zona de obra debido as choivas.*

*Polo tanto no ámbito é necesario unha actuación provisional a curto prazo de estabilización dos terreos da zona das obras para que non se continúe coa deterioración do tramo afectado. Asemade é necesario unha revisión periódica das condicións do valado para garantir a correcta delimitación e disposición da zona afectada.*

*Por outra banda, a paralización da obra está a provocar queixas veciñais nas que se solicita a retirada do valado e a restauración da vía para o seu uso ordinario. Se incide na necesidade no paso seguro para persoas de mobilidade reducida, para o servizo cotiá aos inmobles e lindeiro coa obra ou para o acceso con vehículos aos garaxes.*

*(...)*

*Para a finalización das obras pendente de executar, é necesario en primeiro lugar redactar novo proxecto construtivo que recolla as actuacións pendentes,*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

*adaptado a lexislación vixente e con actualización a prezos de mercado vixentes. Posteriormente será necesario a licitación da obra.*

*Os prazos estimados para esta tramitación, tendo en conta actuacións similares recentes, se prolongará un mínimo de 10 meses, polo que non se poderán renovar as obras que completan a actuación ata polo menos o mes de febreiro de 2027.*

*Tendo en conta isto, é necesario un acondicionamento provisional no entorno da obra para evitar as molestias, así como garantir a seguridade no ámbito, segundo o indicado con anterioridade. Estes traballos de adecuación da vía deberían realizarse á menor brevidade cun prazo de inicio das obras que non debería superar os 15 días.*

*D. Roberto Aya Vidal, como Asistencia Técnica contratada para esta obra, redactou Memoria Valorada das actuacións necesarias para corrixir as afeccións existentes, eliminar as situacións de risco e restituír unhas condicións mínimas de funcionalidade, estabilidade e seguridade da vía (se acompaña memoria Valorada). Basicamente estes traballos consisten nas seguintes tarefas:*

- Recheo e compactación das gabias que permanecen abertas*
- Completar determinados elementos das redes existentes: execución de pozos de rexistro das redes de saneamento e drenaxe*
- Caxeio, regularización, preparación da superficie e reposición mediante soleira de formigón de 15 cm de espesor nas zonas onde está demolido ou levantado o pavimento*

*A continuación se aporta resumen do presuposto da Memoria Valorada referida:*

|    |                                                               |                 |                     |
|----|---------------------------------------------------------------|-----------------|---------------------|
| 1. | M3 ESCAVACIÓN EN CAJA EN TERREO SEN CLASIFICAR                |                 |                     |
|    | Medición:32                                                   | Prezo: 18,61 €  | Importe: 597,38 €   |
| 2. | M2 SOLEIRA FORMIGÓN HA-25/B/20/XC2 o XC3 FIBRAS POLIPROPILENO |                 |                     |
|    | Medición:214                                                  | Prezo: 21,45 €  | Importe: 4.590,30 € |
| 3. | M3 ESCAVACIÓN GABIA TERREO S/CLASIFI. C/AGOT. AUGA            |                 |                     |
|    | Medición:6                                                    | Prezo: 19,08 €  | Importe: 114,48 €   |
| 4. | M3 RECHEO EN GABIAS CON SOLO SELECCIONADO                     |                 |                     |
|    | Medición:4                                                    | Prezo: 14,29 €  | Importe: 57,16 €    |
| 5. | UD POZO PREFABRICADO HM M-H D=100 cm H=2,00 m                 |                 |                     |
|    | Medición: 3                                                   | Prezo: 589,87 € | Importe: 1769,61 €  |
| 6. | UD GESTIÓN DE RCD DE NIVEL I                                  |                 |                     |
|    | Medición: 38,10                                               | Prezo: 9,92 €   | Importe: 377,95 €   |
| 7. | UD GESTIÓN DE RCD DE NIVEL II                                 |                 |                     |
|    | Medición: 0,32                                                | Prezo: 16,01 €  | Importe: 5,12 €     |
| 8. | KG TRATAMIENTO BOTES AEROSOLES                                |                 |                     |
|    | Medición: 0,5                                                 | Prezo: 48,47 €  | Importe: 24,24 €    |
| 9. | PARTIDA ALZADA A XUSTIFICAR POR SERVICIOS AFECTADOS           |                 |                     |
|    | Medición: 1                                                   | Prezo: 530,00 € | Importe: 530,00 €   |

S.ord. 24/07/2026



10. PARTIDA ALZADA DE ABONO ÍNTEGRO PARA LIMPEZA E REMATE DAS OBRAS

Medición: 1                                      Prezo: 530 €                                      Importe: 530,00 €

TOTAL PRESUPOSTO: 8,596,24 €

13% Gastos Xerais: 1.117,51 €

6% beneficio Industrial: 515,52 €

PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN SEN IVE: 10.229,52 €

21% IVE: 2.148,52€

**PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN: 12.377.72 €**

Para a execución destas obras estímase un prazo máximo de 15 días.”.

- c) **A Administración poderá intervir garantindo a realización das devanditas medidas ben cos seus propios medios, ben a través dun contrato cun terceiro cando o contratista non poida garantilas.**

Neste caso procede requirirse ao contratista a execución das obras necesarias determinadas pola dirección facultativa ao evacuarlle o trámite de audiencia, sen que realizase nin actuación nin manifestación ningunha. Para o suposto de que o contratista non atenda a este requirimento, e tendo en conta a situación de insolvencia na que se atopa, deberá determinarse quen as pode realizar. O prazo para o inicio das obras, consonte ao citado informe técnico, fixabase en 15 días e o prazo de execución das mesmas en 15 días tamén.

**-VI-**

**Do prazo para ditar resolución**

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### -VII-

#### Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

### -VIII-

#### Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### -IX-

#### Proposta de acordo

A vista do exposto, propónse á XGL a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Resolver o contrato de obras de humanización da rúa do Pazo (Bouzas)” – PSTD casco histórico da Vila de Bouzas (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU), adxudicado a ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, SL, por acordo deste órgano de 25 de abril de 2025, por concorrer a causa prevista no artigo 211.f da LCSP “O incumprimento da obriga principal do contrato”.*

*2º.- Desestimar as alegacións formuladas por ATRADIUS CREDITO Y CAUCION S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS, en escritos de 7 de maio e 4 de xuño de 2026, no relativo á catalogación da resolución como “non culpable por insolvencia preexistente”, a presunta responsabilidade de esta administración na mesma polas suspensións acordadas das obras, e a non incautación da totalidade da garantía por esta razón ratificando que a causa de*

S.ord. 24/07/2026



resolución é o incumprimento culpable por abandono das obras constatado o 27 de febreiro de 2026, consonte ao dito no fundamento xurídico IV.

3º.- Estimar a alegación da citada aseguradora respecto á contía da garantía, procedendo á subsanación do erro material contido na notificación de inicio, fixando o importe definitivo da incautación da garantía na cantidade de 15.667,23 euros, coincidente co seguro de caución constituído pola entidade alegante.

4º.- Incautar a garantía definitiva constituída polo contratista mediante seguro de caución de ATRADIUS CREDITO Y CAUCION S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS por importe de 15.667,23 euros e co número de documento 12025000030865.

5º.- Anular a autorización e disposición do gasto por importe de 315.822,62 euros con cargo á aplicación orzamentaria 4320.619.0000 (operación contable AD REM nº11816).

6º.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, condicionada á terminación do expediente de resolución.

7º.- Declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.

8º.- A área de servizos xerais deberá realizar a través dos procedementos que correspondan as actuacións previstas na memoria xustificativa das actuacións de reparación e adecuación do ámbito afectado polas obras de humanización da rúa do Pazo, anexa ao informe técnico do estado de execución do contrato para garantir medidas necesarias por razóns de seguridade indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado:

1. M3 ESCAVACIÓN EN CAJA EN TERREO SEN CLASIFICAR  
Medición:32                      Prezo: 18,61 €                      Importe: 597,38 €
2. M2 SOLEIRA FORMIGÓN HA-25/B/20/XC2 o XC3 FIBRAS POLIPROPILENO  
Medición:214                      Prezo: 21,45 €                      Importe: 4.590,30 €
3. M3 ESCAVACIÓN GABIA TERREO S/CLASIFI. C/AGOT. AUGA  
Medición:6                      Prezo: 19,08 €                      Importe: 114,48 €
4. M3 RECHEO EN GABIAS CON SOLO SELECCIONADO  
Medición:4                      Prezo: 14,29 €                      Importe: 57,16 €
5. UD POZO PREFABRICADO HM M-H D=100 cm H=2,00 m  
Medición: 3                      Prezo: 589,87 €                      Importe: 1769,61 €
6. UD GESTIÓN DE RCD DE NIVEL I  
Medición: 38,10                      Prezo: 9,92 €                      Importe: 377,95 €
7. UD GESTIÓN DE RCD DE NIVEL II  
Medición: 0,32                      Prezo: 16,01 €                      Importe: 5,12 €
8. KG TRATAMIENTO BOTES AEROSOLES  
Medición: 0,5                      Prezo: 48,47 €                      Importe: 24,24 €
9. PARTIDA ALZADA A XUSTIFICAR POR SERVICIOS AFECTADOS  
Medición: 1                      Prezo: 530,00 €                      Importe: 530,00 €





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### 10. PARTIDA ALZADA DE ABONO ÍNTEGRO PARA LIMPEZA E REMATE DAS OBRAS

Medición: 1

Prezo: 530 €

Importe: 530,00 €

TOTAL PRESUPOSTO: 8,596,24 €

13% Gastos Xerais: 1.117,51 €

6% beneficio Industrial: 515,52 €

PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN SEN IVE: 10.229,52 €

21% IVE: 2.148,52€

PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN: 12.377.72 €".

9º.- Notificar este acordo ao contratista e o asegurador, informándolle que contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

10º.- Publicar o acordo de resolución no perfil de contratante e no portal de transparencia".

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(630).- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL. EXPTE. 7178/241.**

Visto o informe xurídico de data 13/07/2026 e o informe de fiscalización do 16/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/06/2026, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord. 24/07/2026



## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto “Pavimentación da rúa doutor Cadaval” (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto das obras do proxecto “Pavimentación da rúa doutor Cadaval” (PPT)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 4 de novembro de 2024, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa doutor Cadaval”, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

**Segundo.-** O 24 de xaneiro de 2025, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNES, SA o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Pavimentación da rúa Doutor Cadaval” (2082-441) por un prezo total do contrato de 64.136,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.131,09 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

**Terceiro.-** Para responder do cumprimento deste contrato CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNES, SA (A72448111), constituíu garantía definitiva mediante dúas transferencias por importes de 2.560,26 euros, co número de operación 2250240000197 de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 24 de decembro de 2024 e de 90,00 euros co número de operación 2250240000212 de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 26 de decembro de 2024.

**Cuarto.-** O 28 de xaneiro de 2025 formalizouse o contrato en documento administrativo por un prazo de 2 meses, contado a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de comprobación de replanteo. Esta asinouse o 5 de maio de 2025.

**Quinto.-** O 4 de febreiro de 2025, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, aproba o nomeamento da Dirección Facultativa da obra.

**Sexto.-** A execución da obra foi obxecto de suspensión. En data 27 de xuño de 2025, debido ao atraso no prazo do subministro dos colorantes para o tinguido do material asfáltico, asínase Acta de Suspensión Temporal nº 1 pendente da dispoñibilidade do aglomerado coloreado necesario para o remate da obra.

**Sétimo.-** O 16 de setembro de 2025, o contratista mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello (documento nº 240389335) comunica que modificou a súa denominación social pola de "ORESA ASFALTADOS, S.A.". Axunta a escritura pública de cambio de denominación, outorgada ante o notario de Vigo, D. José Luis Espinosa de Soto, o 6 de maio de 2025, co número 1.246 do seu protocolo. A XGL, na sesión ordinaria de 4 de maio de 2026, acordou tomar razón do cambio de denominación social.

**Oitavo.-** En data 13 de marzo de 2026, a dirección facultativa, entendendo superadas as causas da suspensión da obra, notifica a empresa adxudicataria a convocatoria a unha reunión en obra para "revisión do estado da obra e ver programación de traballos pendentes". A reunión convócase para o 17 do mesmo mes. Na data indicada non se presentou ningún representante da empresa adxudicataria.

**Noveno.-** En data 17 de marzo de 2026, D. Juan Carlos Núñez Fraiz, en nome e representación de ORESA, presenta escrito no Rexistro electrónico comunicando "*la imposibilidad de ejecutar el contrato en los términos pactados, debido a una situación sobrevenida de grave deterioro económico-financiero, que ha colocado a la empresa en un escenario de insolvencia inminente, con pérdida de capacidad real para sostener la continuidad ordenada de los trabajos, atender el pago corriente de suministros y garantizar, en condiciones de normalidad, la correcta ejecución material y temporal de la obra*", por lo que solicita que se incoe un expediente de resolución do contrato.

**Décimo.-** O 20 de abril de 2026, a Dirección Facultativa emitiu informe ratificando a situación de parálise das obras, e solicitando á área de Contratación a tramitación da resolución contractual. No mesmo se realiza unha valoración do estado das obras.

S.ord. 24/07/2026



**Undécimo.-** En data 14 de maio de 2026, a Concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal, resolveu iniciar o procedemento de resolución deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o día 15 de maio.

**Duodécimo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista o día 15 de maio de 2026, por medios electrónicos por tratarse dunha persoa xurídica obrigada á mesma, este non compareceu na sede electrónica a recibila. En consecuencia, considerouse rexeitada unha vez transcorridos dez días naturais desde a prestación da notificación sen acceso ao seu contido (artigo 43.2 da LPAC), e conforme ao previsto no artigo 41.5 LPAC, se da por realizado o trámite e se pode continuar o procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Natureza do contrato e lexislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña ao TRLCSP.

Determinada a lexislación aplicable cómpre determinar que tipo de contrato é o que nos ocupa, pois segundo o tipo de contrato aplicaranse distintas causas de resolución e os seus correspondentes efectos. Segundo o previsto na cláusula 2.1 do PCAP, trátase dun contrato de obras.

-II-

### Da resolución dos contratos

A lexislación de contratos do sector público recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de acordar a resolución dos contratos e determinar os seus efectos (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato nas cláusulas 1.5 e 41 do PCAP.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

A resolución é unha das formas de finalización do contrato administrativo. A lexislación contractual subsume baixo este termo todas as causas de extinción do vínculo contractual distintas da súa conclusión por cumprimento. Presupón, pois, a aparición dalgunha circunstancia na vida do contrato que impide ou fai inconveniente a súa prosecución ata a súa normal extinción. En definitiva, por resolución entende a lei todas aquelas causas de finalización anticipada do contrato. Neste senso establece o artigo 209 LCSP que os contratos se extinguirán por cumprimento ou resolución.

A lexislación de contratos, ao regular a resolución, establece por un lado unhas causas e efectos xenéricos aplicables a todo tipo de contratos, e por outro, dentro da regulación de cada tipo de contrato típico, establece unhas causas e efectos específicos para os mesmos. O contrato que nos ocupa é un contrato de obras. O PCAP que rexe este contrato regula a resolución na cláusula 42 nos seguintes termos:

### *“CLÁUSULA 41.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO*

*1.- A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de obras nos artigos 245 e 246 da LCSP.*

*2.- Será causa de resolución do contrato o incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de coordinación de actividades empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010 e publicada no BOP do 29/03/2011, así como o incumprimento do código ético recollido na cláusula 23.1 deste prego durante a execución do contrato.*

*3.- A adscrición ao contrato dos medios persoais e materiais que se detallan no apartado 5.G da FEC terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f da LCSP. No entanto, o órgano de contratación se así o estima conveniente para o interese público, poderá optar por requirirle ao contratista o cumprimento desta obriga e imporlle as penalidades previstas na cláusula 36.2a). Esta opción só poderá exercitarse unha vez.*

*4.- O incumprimento das condicións especiais de execución previstas na cláusula 26.1 deste prego terá o carácter de obriga esencial para os efectos do previsto no artigo 211.f da LCSP, e será causa de resolución do contrato.*

*5.- No apartado 15.D das FEC poderán establecerse outras causas específicas de resolución do contrato.*

*6.- En todo caso, no suposto de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 213.3 e 213.5 da LCSP”.*

O apartado 15.D das FEC non establece ningunha causa específica de resolución deste contrato.

Dunha interpretación conxunta dos artigos 211 e 245 da LCSP, que establecen as causas de resolución dos contratos en xeral e as específicas do contrato de obras respectivamente, podemos concluír que son causas de resolución deste contrato as seguintes:

Con carácter xeral (artigo 211 da LCSP):

S.ord. 24/07/2026



- a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 relativo á sucesión do contratista.
- b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
- d) A mora no cumprimento dos prazos por parte do contratista.
- e) A mora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no apartado 6 do artigo 198 ou o inferior que se tivese fixado ao abeiro do seu apartado 8.
- f) O incumprimento da obriga principal do contrato.
- g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205; ou cando dándose as circunstancias establecidas no artigo 205, as modificacións impliquen, illada ou conxuntamente, alteracións do seu prezo, en contía superior, en máis ou en menos, ao 20 por cento do prezo inicial do contrato, con exclusión do IVE.
- h) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta Lei.
- i) A falta de pagamento, durante a execución do contrato, dos salarios por parte do contratista aos traballadores que estiveran participando na mesma, ou o incumprimento das condicións establecidas nos Convenios colectivos en vigor para estes traballadores tamén durante a execución do contrato.

Para as prestacións de obras (artigo 245 da LCSP):

- j) A mora inxustificada na comprobación do replanteo.
- k) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses.
- l) A suspensión das obras por prazo superior a oito meses por parte da Administración.
- m) A desistencia.

A lei na actualidade recolle un principio determinado pola xurisprudencia e a doutrina dos órganos consultivos, aplicable no caso de que concorran dous ou máis causas de resolución, que determina que *“Nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecese con prioridade no tempo”* (artigo 211.2 da LCSP). Efectivamente, o Consello de Estado ven aplicando esa regra de prioridade, se ben, como indica o Ditame 985/2014, do 4 de decembro, se as consecuencias económicas da resolución fosen as mesmas, procedería resolver o contrato por calquera de elas.

### -III-

#### **Da resolución do contrato de obras de “Pavimentación da rúa doutor Cadaval”**

A causa de resolución concorrente no contrato que nos ocupa é o incumprimento da obriga principal do contrato, prevista no artigo 211.1.f., pois o contratista solicitou a suspensión do contrato e superada a causa da mesma non solicitou o levantamento da suspensión e non continuo coa execución da obra. Así se desprende do informe técnico de situación do contrato, elaborado pola dirección facultativa o 20 de abril de 2026, no que se di que *“Tanto a Dirección de Obra como a Asistencia Técnica á mesma, mediante chamadas telefónicas e mensaxería electrónica, trataron en múltiples ocasións de poñerse en contacto con algún*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

*representante da empresa dende que se coñece que están superados os problemas co subministro de colorante para o asfalto (al menos dende fai 5 meses) sen obter resposta ou aclaración ao respecto. Debido a isto decidiuse a convocatoria oficial para reunión en obra para o 17/03/2026 á cal non acudiu ningún da contrata. Conclúese, por tanto, dende esta Dirección de Obra, que a situación que se detalla sobre o estado das obras é unicamente imputable ao contratista xa que resultan como consecuencia do abandono da obra pola súa parte". Ese mesmo día o contratista presentou un escrito por rexistro solicitando a resolución do contrato por mor dunha situación de insolvencia inminente que lle impide continuar con normalidade a execución da obra. No entanto, a insolvencia so é unha causa de resolución se así se declara nun procedemento ao efecto. O contratista limitase a apuntar a insolvencia como causa do seu incumprimento, máis non acredita ter sido declarado en concurso de acredores ou insolvente en ningún procedemento xudicial. En consecuencia, esta causa de resolución non pode ser invocada e procede aplicar a citada. E tal como veremos no apartado seguinte ao tratar as formas de inicio de procedemento de resolución, non pode instar a resolución aquela parte a que lle sexa imputable a causa que da lugar á mesma (artigo 212.2 da LCSP).*

### -IV-

#### Do procedemento de resolución

Constatada a existencia dunha causa de resolución, procede iniciar o procedemento de resolución do contrato.

De conformidade co artigo 212.1 a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento da LCSP se estableza, agás no suposto no artigo 211.1.i) (falta de pagamento de salarios aos traballadores), que non concorre neste contrato. Se ben, hai que ter en conta que a lei limita a posibilidade de instar a resolución, a aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a ela (artigo 212.2 da LCSP). No caso que nos ocupa o contratista solicitou a resolución do contrato o 17 de marzo de 2026 alegando a imposibilidade de executar o contrato nos termos pactados, debido a unha situación sobrevida de grave deterioro económico-financiero, que coloca á empresa nun escenario de insolvencia inminente. Máis tendo en conta a citada regra, procede iniciar o procedemento de resolución de oficio, pois o contratista xa abandonara a execución do contrato previamente á formulación da citada solicitude.

Aínda que o procedemento de resolución queda remitido á norma regulamentaria, o artigo 191 da LCSP establece dous trámites de obrigado cumprimento: a audiencia ao contratista e o ditame do Consello de Estado ou órgano equivalente da Comunidade Autónoma respectiva cando se formule oposición pola súa parte.

En espera do desenvolvemento regulamentario, o procedemento aplicable será o previsto no RLCAP, en vigor no que non se opoña ás novas disposicións legais. Con carácter supletorio aplicarase, como determina a disposición final 2ª.1 da LCSP, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (LPAC).

Segundo o previsto nos artigos 191 da LCSP e 109 do RLCAP, a LHL e o Real decreto 424/2017, os trámites do procedemento de resolución son os seguintes:

S.ord. 24/07/2026



- 1) Audiencia ao contratista por prazo de dez días naturais, dado que trátase dun procedemento contraditorio (artigos 191.1 da LCSP e 109 do RLCAP). Evacuado trámite de audiencia ao contratista por medios electrónicos, por ser persoa xurídica obrigada ao mesmo, este non compareceu na sede electrónica a recibir a notificación. Do xogo dos artigos 43.2 e 41.5 da LPAC enténdese rexeitada a notificación unha vez transcorridos 10 días naturais dende a data de posta a disposición da notificación e o trámite realizado, polo que o contratista non formulou alegacións no prazo conferido ao efecto.
- 2) Audiencia ao avalista ou asegurador cando se propoña a incautación da garantía, no mesmo prazo anterior (artigo 109 do RLCAP). Neste caso non procede por canto a garantía definitiva foi constituída en efectivo.
- 3) Informe da Asesoría Xurídica (disposición final 2ª da LCSP e artigo 109 do RLCAP).
- 4) Fiscalización pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 da LHL e 16 do Real decreto 424/2017).
- 5) Informe preceptivo do órgano consultivo da Comunidade Autónoma cando se formule oposición á resolución por parte do contratista (artigos 191.3 da LCSP e 109 do RLCAP).
- 6) Unha vez adoptado o acordo de resolución do contrato, que porá fin a vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 191.4 LCSP) deberá publicarse no perfil de contratante segundo o previsto no artigo 63.3e) da LCSP.

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, se formula a proposta de resolución do contrato ao órgano de contratación e continúanse co resto dos trámites preceptivos.

#### -IV-

#### Dos efectos da resolución

Os efectos da resolución do contrato veñen regulados con carácter xeral no artigo 213 da LCSP. Nos catros primeiros apartados e no último establece as regras aplicables segundo a causa de resolución, e no apartado 5 establece regras comúns aplicables a todos os supostos.

A regra común aplicable a todos os supostos de resolución é que o acordo de resolución deberá conter un **pronunciamiento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía definitiva** que, no seu caso, fose constituída. Se ben, a devolución ou non da garantía non depende dunha decisión discrecional da Administración contratante, senón da propia lei, que no artigo 111.1 condiciona a devolución ou cancelación da garantía a que a resolución se producise sen culpa do contratista. E o artigo 213 establece a incautación da garantía para algunha das causas de resolución, como a que nos ocupa. Así, o apartado 3 determina que se o contrato se resolve por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. Neste intre non é posible determinar se concorre esta circunstancia por mor de que, tal como indica a dirección facultativa no citado informe:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

*“A indemnización por danos e prexuízos provocada pola non continuidade da obra por parte do adxudicatario debe incluír segundo o que vai dito anteriormente, como mínimo:*

- *Custe de redacción do proxecto construtivo das obras pendentes de execución.*
- *Custe indemnización a adxudicatarios dos contratos vixentes relacionados co da execución da obra (Asistencia técnica e Coordinación de seguridade e saúde).*
- *Diferenza do custe das actuacións a executar recollidas no proxecto orixinal con respecto ao custe do novo proxecto por redactar, debido a cambios normativos o incremento dos prezos de mercado vixentes.*

*A valoración de todas as actuacións descritas con anterioridade non se pode concretar con rigor neste momento temporal, xa que non é posible cuantificar con detalle na actualidade tódolos termos necesarios. Polo tanto, o cálculo da indemnización por danos e prexuízos se propón deixar para una futura liquidación do contrato”.*

Polo tanto, procede a incautación da garantía, e se difire para un momento posterior a determinación de se procede indemnizar ademais danos e prexuízos no que excedan da garantía.

Analizaremos os efectos específicos da resolución por incumprimento do contratista previstos no artigo 213.6 da LCSP. Estes son:

- a) Poderá iniciarse o **procedemento de contratación para a adxudicación dun novo contrato** no momento de incoarse o expediente administrativo de resolución do contrato. Se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os procedementos.

Esta medida, que serve para garantir a continuidade na execución do contrato en aras do interese público concorrente, non resulta aplicable neste caso por canto, tal e como informa a dirección facultativa:

*“Para a finalización das obras pendente de executar, é necesario en primeiro lugar redactar novo proxecto construtivo que recolla as actuacións pendentes, adaptado a lexislación vixente e con actualización a prezos de mercado vixentes. Posteriormente será necesario a licitación da obra.*

*Os prazos estimados para esta tramitación, tendo en conta actuacións similares recentes, se prolongará un mínimo de 10 meses, polo que non se poderán renovar as obras que completan a actuación ata polo menos o mes de febreiro de 2027”.*

- b) O contratista quedará obrigado ata que se formalice o novo contrato, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación.

A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia deste polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os

S.ord. 24/07/2026



prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.

Neste caso, non é necesario adoptar esta medida, por canto, tal e como informa a dirección facultativa no informe do estado de execución do contrato:

*“O estado actual da obra presenta un pavimentado da capa base de aglomerado entre as rúas Progreso e Lopez de Neira. Este pavimentado atopase en boas condicións de uso provisional tanto para vehículos como para peóns. No tramo de obra entre as rúas López de Neira e a Posta do sol, os traballos realizados nas franxas de pedra, substituídas por formigón coloreado, tamén se atopan en boas condicións para tránsito, a pesar de que o traballo realizado non quedou de forma correcta e será necesario refacelo. Ningún dos tramos de obra está valado nin é necesario a súa restrición ao paso de vehículos ou peóns.*

*No ámbito da obra, aínda que non está cos pavimentos rematados, non se considera é necesario unha actuación provisional a curto prazo de estabilización ou reparación dos terreos”.*

- c) **A Administración poderá intervir garantindo a realización das devanditas medidas ben cos seus propios medios, ben a través dun contrato cun terceiro cando o contratista non poida garantilas.**

Neste caso non procede.

-V-

#### Do prazo para ditar resolución

A Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa, e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación (artigo 21 LPAC), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio, ou nos procedementos sometidos unicamente ao deber de comunicación previa á Administración.

Prevé o artigo 212.8 da LCSP, a diferenza das disposicións precedentes en materia de contratación, que o prazo máximo no que os procedementos de resolución deberán ser instruídos e resoltos é de oito meses, a contar, como establece o artigo 21.3 da LPAC, desde a data do acordo de iniciación no caso de incoarse o procedemento de oficio, ou desde que a solicitude tivo entrada no rexistro electrónico da Administración ou Organismo competente para a súa tramitación, nos supostos nos que sexa solicitada a resolución polo contratista.

-VI-

#### Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

### -VII-

#### Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

### -VIII-

#### Proposta de acordo

A vista do exposto, propónse á XGL a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Resolver o contrato de obras de “Pavimentación da rúa doutor Cadaval”, adxudicado a CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNES, SA, na actualidade ORESA ASFALTADOS, S.A., por acordo deste órgano de 24 de xaneiro de 2025, por concorrer a causa prevista no artigo 211.f da LCSP “O incumprimento da obrigaón principal do contrato”.*

*2º.- Incautar a garantía definitiva constituída polo contratista mediante dúas transferencias por importes de 2.560,26 euros, co número de operación 2250240000197 de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 24 de decembro de 2024 e de 90,00 euros co número de operación 2250240000212 de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 26 de decembro de 2024.*

*3º.- Iniciar o procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, condicionada á terminación do expediente de resolución.*

*4º.- Declarar a urxencia da tramitación tanto do procedemento de resolución como do procedemento de contratación para a adxudicación do novo contrato, en aplicación do artigo 213.6 da LCSP.*

S.ord. 24/07/2026



5º.- Notificar este acordo ao contratista, informándolle de que contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente, ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto (artigo 123.2 da LCSP).

6º.- Publicar o acordo de resolución no perfil de contratante e no portal de transparencia”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(631).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REFORMA DO MUÍÑO DO VENTO EN ESPAZO PÚBLICO NO BARRIO DE RIBADAVIA. EXPTE. 12934/307.**

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 16/07/2026, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de reforma do muíño do vento en espazo público no barrio de Ribadavia (12934-307)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de xuño de 2026 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto das obras do proxecto de reforma do muíño do vento en espazo público no barrio de Ribadavia (12934-307)





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 15 de xuño de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de xullo de 2026.

**Terceiro.-** Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 15 de xullo de 2026, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de xullo de 2026 acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

No presente caso, non existen proposicións admisibles xa que non se presentou ningunha, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 15 de xullo de 2026, o que impide a continuidade da tramitación do procedemento.

**Segundo.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

**Cuarto.-** A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de reforma do muíño do vento en espazo público no barrio de Ribadavia (12934-307) por non terse presentado ningunha proposición.*

*Segundo.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP.”*

S.ord. 24/07/2026



## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(632).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLAS E FILLOS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 14325/224.**

Visto o informe de fiscalización do 16/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

##### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (14325-224) (emenda documentación)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (14325-224)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 17 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero”.*

*Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 20 de marzo de 2026.*

*Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola axente de igualdade de oportunidades e pola xefa do Servizo de Igualdade o 4 de marzo de 2026, e conformado en data 5 de marzo de 2026 pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total de 33.089,06 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa de atención psicolóxica para menores fillos e fillas*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

de mulleres vítimas de violencia de xénero”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Actuacións contra a violencia de xénero” 2311 2260603 do orzamento vixente e dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2027 e 2028, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 9.650,98 € (proxecto 25231103) imputaranse ao orzamento do ano 2026, 16.544,53 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2027, e 6.893,55 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2028.

*Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 12 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (14325-224) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador                                   | Puntuación total |
|---|---------------------------------------------|------------------|
| 1 | EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA | 85,50            |
| 2 | MARÍA CRISTINA OITAVÉN VÁZQUEZ              | 58,50            |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, o día 12 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida o día 23 do mesmo mes, dentro do prazo concedido. A Mesa de Contratación, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda, en data 3 de xullo de 2026, por unanimidade dos/as membros presentes, outorgar un prazo de 3 días naturais a EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA para que puidera emendar a documentación acreditativa da

S.ord. 24/07/2026



solvencia técnica. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación correctamente e en prazo.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, así como, a clasificación da mercantil.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (11.581,17 €), presentan as contas do ano 2025 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (11.581,17 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2025 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 1.596,38 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TXSS e o certificado da ATRIGA conforme non están inscritos.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 1 e 9 de xuño de 2026, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a EMOCIONAL TECHNOLOGIES 22 SOCIEDAD LIMITADA o procedemento aberto para a contratación do servizo de programa de atención psicolóxica para menores fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia de xénero (14325-224) por un prezo total do contrato de 31.927,63 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:*

- a) *A maior formación especializada en materia de igualdade de xénero e/ou igualdade de oportunidades (IO) dos medios persoais adscritos ao programa, a maiores das 150 horas mínimas esixidas, é de 501 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(633).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DO EQUIPAMENTO CENTRAL DO CPD MUNICIPAL. EXPTE. 10814/113.**

Visto o informe de fiscalización do 16/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

#### **11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do equipamento central do CPD municipal (10814-113) (emenda documentación)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

S.ord. 24/07/2026



- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do equipamento central do CPD municipal (10814-113)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 6 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento correctivo e preventivo da parte de servidores e sistemas de almacenamento do CPD Municipal do Concello de Vigo que xa non están cubertos pola garantía do provedor orixinal para garantir o funcionamento e dispoñibilidade dos servizos provistos polo CPD ante posibles incidencias dos equipos e grupos de servidores que dan soporte aos diferentes sistemas de información municipais, no que constan:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/10/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de 21/10/2025.*

*- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 09/01/2026 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Memoria económica do contrato de data 10/03/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda de 11/03/2026.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 10/03/2026 asinado polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 11/03/2026, asinada polo Técnico medio de Sistemas e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade do 12/03/2026.*

*- Informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 12/03/2026.*

*- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do servizo de Contratación o 12/03/2026.*

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 64.041,10 €, que inclúe un IVE de 11.114,57 €, dende o 1 de abril de 2026, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

| Exercicio | Concepto   | Partida/<br>Proxecto | Base      | IVE       | TOTAL     |
|-----------|------------|----------------------|-----------|-----------|-----------|
| 2026      | MANTEMENTO | 9207.2279900         | 52.926,52 | 11.114,57 | 64.041,10 |



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 2128/1102

| Exercicio | Concepto                              | Partida/<br>Proxecto | Base      | IVE       | TOTAL     |
|-----------|---------------------------------------|----------------------|-----------|-----------|-----------|
|           | HARDWARE<br>SISTEMAS<br>ALMACENAMENTO | E<br>DE              |           |           |           |
| Total     |                                       |                      | 52.926,52 | 11.114,57 | 64.041,10 |

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 20.958,90 €, que inclúe un IVE de 3.637,50 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

| Exercicio | Concepto                                            | Partida/<br>Proxecto    | Base      | IVE      | TOTAL     |
|-----------|-----------------------------------------------------|-------------------------|-----------|----------|-----------|
| 2027      | MANTEMENTO<br>HARDWARE<br>SISTEMAS<br>ALMACENAMENTO | E<br>DE<br>9207.2279900 | 17.321,41 | 3.637,50 | 20.958,90 |
| Total     |                                                     |                         | 17.321,41 | 3.637,50 | 20.958,90 |

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 4 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da no admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de maio de 2026, de HARDWARE & PARTS, SA por entender non emendada correctamente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do equipamento central do CPD municipal (10814-113) na seguinte orde descendente:*

|   | Licitador              | Puntuación total |
|---|------------------------|------------------|
| 1 | ECONOCOM SERVICIOS, SA | 100,00           |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECONOCOM SERVICIOS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

S.ord. 24/07/2026



2. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECONOCOM SERVICIOS, SA, o día 5 de xuño de 2026, que presenta a documentación requirida os días 12 e 15 do mesmo mes, dentro do prazo concedido. A Mesa de Contratación, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda, en data 3 de xullo de 2026, por unanimidade dos/as membros presentes, outorgar un prazo de 3 días naturais a ECONOCOM SERVICIOS, SA para que puidera emendar a documentación acreditativa dos medios persoais. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación correctamente e en prazo.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, así como, a clasificación da mercantil.
- A escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (V-3-1) presentan a clasificación V-3-5.
- Acreditación dos medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Aval por un importe de 3.512,40 € que cubre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ECONOCOM SERVICIOS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ECONOCOM SERVICIOS, SA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, de data 30 de maio de 2026 e, co acordo da Mesa de Contratación, de data 4 de xuño de 2026, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábel a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Tomar razón da no admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de maio de 2026, de HARDWARE & PARTS, SA por entender non emendada correctamente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.*

*Segundo.- Adxudicar a ECONOCOM SERVICIOS, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento do equipamento central do CPD municipal (10814-113) por un prezo total do contrato de 85.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.752,07 euros, e coas seguintes condicións:*

- a) *A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo dos equipos NetApp Model: FAS8300 recollido no apartado 3I do Anexo I -FEC- do PCAP é do 1 %.*
- b) *A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo do equipo NetApp Model: E5760, recollido no apartado 3I do Anexo I -FEC- do PCAP é do 1 %.*
- c) *A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo dos equipos Lenovo DB620S recollido no apartado 3I do Anexo I -FEC- do PCAP é do 1 %.*
- d) *A porcentaxe única de desconto a aplicar ao prezo dos equipos Lenovo ThinkSystem recollido na táboa do Anexo I é do PPT do 1 %.*

S.ord. 24/07/2026



- e) A porcentaxe única de desconto a aplicar ao resto dos prezos unitarios recollidos no apartado 3l do Anexo I -FEC- é do PCAP do 1 %.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(634).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DO ESPECTÁCULO “EL PAYASO TALLARÍN. UN MUNDO MÁGICO”. EXPTE. 10648/335.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e pola xefa do Servizo de Festas, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do espectáculo “El payaso Tallarín. Un mundo mágico” (10648-335) (PCAP)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2026, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación da actuación artística do espectáculo “EL PAYASO TALLARÍN. UN MUNDO MÁGICO”, dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 28/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 02/06/26.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 23.837,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 19.700,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

*3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** O 29 de xuño de 2026 o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a CATEGORICA PRODUCCIONES, SL.

**Terceiro.-** O 8 de xullo de 2026, CATEGORICA PRODUCCIONES, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 15 de xullo de 2026, reuníronse a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Festas (delegación de data 2 de xullo de 2026) xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobada a mesma, conceder un prazo de 3 días naturais a CATEGORICA PRODUCCIONES, SL para que puidera emendar a documentación do sobre A ("Documentación persoal") de conformidade co esixido na cláusula 17 do PCAP, tanto o Anexo II do PCAP como o DEUC. Este acordo foi notificado ao licitador quen presentou a documentación dentro do prazo concedido.

**Quinto.-** O 20 de xullo de 2026, reunidas a xefa do servizo de Festas xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, para a cualificación da documentación presentada e apertura do Sobre B, se procedese, comprobán que a licitadora achega a documentación requirida correctamente.

En vista do anterior, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *"dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma"*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *"Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración."*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta,

S.ord. 24/07/2026



procede formular proposta de adxudicación a favor de CATEGÓRICA PRODUCCIONES, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, a Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, CATEGÓRICA PRODUCCIONES, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión ás actas dos días 14 e 20 de xullo de 2026 de apertura dos sobres A e de emenda do sobre A e apertura do sobre B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CATEGÓRICA PRODUCCIONES, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da actuación artística do espectáculo "El payaso Tallarín. Un mundo mágico" (10648-335) por un prezo total de 23.837,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.137,00 euros".*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(635).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO CONCERTO “FNAC LIVE”. EXPTE. 10650/335.**

Visto o informe de fiscalización de data 16/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/07/2026, asinado pola técnica de administración xeral da Área de Contratación e Novos Proxectos e pola técnica de actividades culturais e educativas (PD de 2 de xullo de 2026), que di o seguinte:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do concerto “FNAC Live” (10650-335) (PCAP)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 19 de xuño de 2026, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación da actuación artística do espectáculo “FNAC LIVE”, dentro dos ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2026”.*

*Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 29/05/2026 e o prego de cláusulas administrativas particulares do 02/06/26.*

*Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 114.950,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 95.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.*

*Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** O 22 de xuño de 2026 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

S.ord. 24/07/2026



**Terceiro.-** O 6 de xullo de 2026 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 15 de xullo de 2026, reuníronse a técnica de actividades culturais e educativas do servizo de Festas (delegación de data 2 de xullo de 2026) xunto coa técnica de administración xeral da área de Contratación e Novos Proxectos, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 14.2 do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL.

Comprobada a capacidade e solvencia do licitador, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 17.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *"dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma"*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *"Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración."*

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque figura no propio expediente, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2 do PCAP).

Constan no expediente o certificado acreditativo de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, así como o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de débedas da Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como da Seguridade Social.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor ou o/a empregado/a público/a en quen delegue e ao persoal técnico da área de Contratación e Novos Proxectos. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación faise remisión á acta do 15 de xullo de 2026 de apertura dos sobres A e B e de comprobación da documentación para a adxudicación deste procedemento, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, SL o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do concerto “FNAC Live” (10650-335) por un prezo total de 114.950,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.950,00 euros”.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(636).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 172/2026 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXPTE 99420/332.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/07/2026, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 172/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 163/2026, interposto interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL contra a súa exclusión da contratación do “Servicio de Gestión de la Escuela Infantil Municipal de Bembrive” Expediente 99420-332 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar parcialmente o recurso interposto por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, SL contra a súa exclusión da contratación do “Servicio de Gestión de la Escuela Infantil Municipal de Bembrive” Expediente 99420-332 do Concello de Vigo.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

S.ord. 24/07/2026



3. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a a continuación da tramitación do expediente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(637).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO CON EXECUCIÓN DE OBRA DE DÚAS PISCINAS CUBERTAS NA PARCELA DA PRAZA CENTRAL DO POLÍGONO 1 DO PERI II-12-A FLORIDA B E NA PARCELA DO PERI 4 BARREIRO II. EXPTE. 25780/333.**

Visto o informe xurídico de data 30/06/2026 e o informe de fiscalización do 21/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 01/06/2026, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo xefe da área de Investimentos, e conformado polo concelleiro delegado, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

##### **1.- Antecedentes:**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006, acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación da xestión do servizo público con execución de obra de dúas piscinas cubertas na parcela da praza central do polígono 1 do peri II-12-A Florida B e na parcela do peri 4 Barreiro II.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 23 de maio de 2007 e modificado pola sesión do 12 de xuño de 2007, acordou adxudicar a construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do PERI II-12 A Florida B, coa determinación de xestión do servizo público (expte 6078/333), a favor da sociedade concesionaria a constituír por GAIA GD, SL e MOVEXVIAL, SL., formalizándose o contrato coa sociedade concesionaria Carrera Galicia, S.L., en escritura pública de data 15 de xuño de 2007. Posteriormente a Xunta de Goberno Local de 17 de marzo de , deuse por enterada da transformación da sociedade Carrera Galicia S.L., na sociedade anónima con denominación AQA Vigo Xestión Deportiva, S.A.

A posta en funcionamento do servizo ten como referencia inicial a apertura da Piscina da Florida o pasado 1 de novembro de 2010 e posteriormente, o 1 de febreiro de 2011 entrou en funcionamento a piscina de Barreiro.

En relación ás tarifas e funcionamento das piscinas a XGL aprobou en data 29/10/2010 as normas e adecuación do cadro de tarifas para o funcionamento dos servizos a prestar nas piscinas de Barreiro e A Florida.

Con data 17/03/2012, a Xunta de Goberno Local, aproba a revisión de tarifas para o período novembro 2010/novembro 2011, segundo o IPC interanual (expte 11073-333).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

Con posterioridade, en data 7/09/2012, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 11221-333):

*Primeiro: Establecer a efectos perceptivos do devengo das tarifas aplicables o “contrato de xestión de servizos públicos para construción e explotación de dúas piscinas cubertas nas parcelas do Peri 4 Barreiro II e na praza central do polígono I do Peri II-12 a Florida B”, para o calculo do IPC, a data teórica establecida a partir da posta en servizo da instalación mais recente “Barreiro; 1 de febreiro de 2011”, cunha antelación de 15 meses, como período derivado dos argumentos fundamentados como atrasos imputables o propio Concello de Vigo, fixando o momento final na data do indicador publicado de IPC para abril.-2012.*

*Segundo: Determinar o incremento complementario das tarifas pola utilización das instalacións obxecto da concesión de referencia en relación o IPC, nun porcentaxe equivalente ao*

*3.60 % coincidente coa evolución do IPC, no período novembro 2009 e abril 2012, e a dedución do IPC do período novembro 2010 novembro 2011 aprobado con anterioridade.*

*Terceiro: As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao mais cercano múltiplo da fracción 5/100.*

*Cuarto: Toda vez que a revisión de tarifas recolle a totalidade do período dende o inicio da explotación e os atrasos acumulados, as futuras revisións das tarifas se realizen anualmente, tendo en conta a referencia da presente revisión aprobada de acordo o período novembro 2009 - abril 2012.”*

En data 01/08/2014, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expte 13214-333):

*Primeiro.- Arquivar o expediente 12403-333 relativo á revisión de tarifas para o período abril 2012-abril 2013, xa que non se tramitou no seu día por orde do concelleiro-delegado de Deportes e a dita revisión xa se inclúe no expediente actual.*

*Segundo.- Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2012/abril 2014, fixada no*  
*1.80 %.*

*Terceiro.- As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo ao alza ou á baixa ao máis cercano múltiplo da fracción 5/100.*

*Cuarto.- Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas piscinas de Florida e Barreiro, segundo o estipulado no anexo I que figura no expediente.*

S.ord. 24/07/2026



A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urgente celebrada o 31 de agosto de 2017, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2014/abril 2017 (expte 16326-333).

Con posterioridade, a Xunta de Goberno Local ordinaria celebrada o 21 de setembro de 2017 aprobou a revisión das tarifas polo uso das pistas de pádel do complexo de Barreiro derivado do incremento do IPC anual no período outubro 2014-abril 2017 (expte 16327-333).

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urgente celebrada o 24 de agosto de 2018, aprobou a revisión das tarifas pola entrada e uso así como polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula no 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2017/abril 2018 (expte 17566-333).

Con data 30 de agosto de 2019, a Xunta de Goberno Local aprobou, en sesión ordinaria, autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2018/abril 2019, fixada no 1,50 % (expte 18843-333).

Con data 20 de agosto de 2021, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2019/abril 2021, fixada no 1,50 % (Expte. 20688-333).

Con data 23 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2021/abril 2022, fixada no 8,30 % (Expte. 21637-333).

Con data 07 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2022/abril 2023, fixada no 4,10 % (Expte. 22850-333).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

Con data 19 de xullo de 2024, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2023/abril 2024, fixada no 3,3 % (Expte. 23876-333)

Finalmente, con data 24 de xullo de 2025, a Xunta de Goberno Local ordinaria aprobou o incremento ordinario de Tarifas (IPC) pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2024/abril 2025, fixada no 2,2 % (Expte. 24822-333).

En relación co anterior, a empresa AQUA VIGO GESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U, presenta escrito vía Rexistro Xeral (nº de entrada 260122458 de data 15.05.26, de solicitude de incremento ordinario de tarifas no período comprendido entre abril de 2025 e abril de 2026.

Todo, tendo en conta que o prego de condicións administrativas establece no seu artigo 8.2 a revisión de tarifas. En relación a este aspecto, enténdese que a revisión das tarifas debe realizarse sobre a data solicitada polo concesionario, co obxecto de non proceder a provocar un prexuízo ao mesmo.

En relación co período de aplicación das novas tarifas, así como o seu período de aplicación, indicar que o mesmo queda definido directamente no apartado 8.1 do prego de condicións administrativas particulares no cal especifica o proceso de revisión ordinaria de tarifas “verificaranse anualmente, en función das variacións que experimente o índice de prezos ao consumo do conxunto nacional ou índice que o substitúa, tomando como inicial o correspondente ao da data en que entre en funcionamento as instalacións deportivas, aínda que sexa parcialmente e como final o último aprobado, aínda que sexa provisional.” En base a este apartado o período de aplicación quedará determinado dende a súa aprobación ata a finalización do período anual de revisión, o cal quedará supeditado a unha nova aprobación da revisión.

### **2.- Proposta de revisión do IPC:**

Vista a solicitude presentada con data 15.05.26 pola empresa AQUA-VIGO XESTIÓN DEPORTIVA, S.A.U e tendo en conta que o período de revisión establécese entre abril 2025 e abril 2026, o IPC segundo o certificado do INE é de 3,2%, polo cal en base á solicitude establécese o seguinte cadro coa revisión do IPC redondeando os importes. Así, o novo cadro de tarifas (anexo I) contempla unha revisión cunha media de 3,2.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

S.ord. 24/07/2026



a) Autorizar a revisión das tarifas pola entrada e uso, polas actividades complementarias que se presten nas piscinas cubertas así como polo uso e actividades complementarias que se presten nas pistas de padel situadas nas parcelas do PERI 4 Barreiro II e na praza central do Polígono I do PERI II-12 A Florida B, de acordo coa clausula nº 8.2 do prego de prescricións administrativas e segundo o IPC interanual abril 2025/abril 2026, fixada no 3,2 %.

b) As tarifas esixibles aos usuarios, en virtude do establecido no parágrafo precedente, axustaranse por redondeo á alza ou á baixa ao máis próximo múltiplo da fracción 5/100.

c) Aprobar a nova táboa de tarifas para os servizos que se prestan nas piscinas de Florida e Barreiro así como as actividades complementarias que se presten nas pistas de pádel, segundo o estipulado no anexo I.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ANEXO I:**

| Tabla de actividades Ordinarias.- Actualizacion IPC periodo (abril 2025 a abril 2026) |               |                       |                                      |          |                     |                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------|---------------|-----------------------|--------------------------------------|----------|---------------------|-------------------------|
| Concepto                                                                              | Tarifa actual | Tarifa actual sin IVE | Tarifa + IPC a abril 2024 s/ive 3.2% | IVE 21 % | Nova tarifa con ive | Tarifa final redondeada |
| Abonado Joven                                                                         | 30,40 €       | 25,12 €               | 25,92 €                              | 5,44 €   | 31,36 €             | 31,35 €                 |
| Abonado > 60 años                                                                     | 27,35 €       | 22,60 €               | 23,32 €                              | 4,90 €   | 28,22 €             | 28,20 €                 |
| Abonado Matinal                                                                       | 22,80 €       | 18,84 €               | 19,44 €                              | 4,08 €   | 23,52 €             | 23,50 €                 |
| Abonado Individual                                                                    | 45,60 €       | 37,69 €               | 38,90 €                              | 8,17 €   | 47,07 €             | 47,05 €                 |
| Abonado Familiar Titular                                                              | 45,60 €       | 37,69 €               | 38,90 €                              | 8,17 €   | 47,07 €             | 47,05 €                 |
| Abonado Familiar Conyuge/Hijos < 14 años *                                            | 7,55 €        | 6,24 €                | 6,44 €                               | 1,35 €   | 7,79 €              | 7,80 €                  |
| Abonado Discapacitado                                                                 | 22,80 €       | 18,84 €               | 19,44 €                              | 4,08 €   | 23,52 €             | 23,50 €                 |
| Abono Padel                                                                           | 28,60 €       | 23,64 €               | 24,40 €                              | 5,12 €   | 29,52 €             | 29,50 €                 |
| Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S Abonado                                               | 30,40 €       | 25,12 €               | 25,92 €                              | 5,44 €   | 31,36 €             | 31,35 €                 |
| Curso piscina Adulto/Niño 1 D/S NO Abonado                                            | 60,75 €       | 50,21 €               | 51,82 €                              | 10,88 €  | 62,70 €             | 62,70 €                 |
| Curso piscina Adulto/Niño Abonado                                                     | 60,75 €       | 50,21 €               | 51,82 €                              | 10,88 €  | 62,70 €             | 62,70 €                 |
| Curso piscina Adulto/Niño NO Abonado                                                  | 121,45 €      | 100,37 €              | 103,58 €                             | 21,75 €  | 125,33 €            | 125,35 €                |
| Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S Abonado                                               | 85,10 €       | 70,33 €               | 72,58 €                              | 15,24 €  | 87,82 €             | 87,80 €                 |
| Curso piscina Adulto/Niño 3 D/S NO Abonado                                            | 170,10 €      | 140,58 €              | 145,08 €                             | 30,47 €  | 175,55 €            | 175,55 €                |
| Curso piscina AF.Auga > 60 años 2 D/S Abonado                                         | 37,95 €       | 31,36 €               | 32,36 €                              | 6,80 €   | 39,16 €             | 39,15 €                 |
| Curso piscina AF.Auga > 60 años                                                       | 76,05 €       | 62,85 €               | 64,86 €                              | 13,62 €  | 78,48 €             | 78,50 €                 |





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

| Tabla de actividades Ordinarias.- Actualizacion IPC periodo (abril 2025 a abril 2026) |          |          |          |         |          |          |
|---------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|---------|----------|----------|
| 2 D/S NO Abonado                                                                      |          |          |          |         |          |          |
| Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S Abonado                              | 23,90 €  | 19,75 €  | 20,38 €  | 4,28 €  | 24,66 €  | 24,65 €  |
| Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 1 D/S NO Abonado                           | 47,90 €  | 39,59 €  | 40,86 €  | 8,58 €  | 49,44 €  | 49,45 €  |
| Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S Abonado                              | 47,90 €  | 39,59 €  | 40,86 €  | 8,58 €  | 49,44 €  | 49,45 €  |
| Curso piscina Embarazauga (pre-post parto) 2 D/S NO Abonado                           | 95,65 €  | 79,05 €  | 81,58 €  | 17,13 € | 98,71 €  | 98,70 €  |
| Natacion Escolar (cuatrimestral ANPAS)                                                | 53,15 €  | 43,93 €  | 45,34 €  | 9,52 €  | 54,86 €  | 54,85 €  |
| Cursos Sala Especializados 1 D/S Abonados                                             | 30,40 €  | 25,12 €  | 25,92 €  | 5,44 €  | 31,36 €  | 31,35 €  |
| Cursos Sala Especializados 1 D/S NO Abonados                                          | 60,75 €  | 50,21 €  | 51,82 €  | 10,88 € | 62,70 €  | 62,70 €  |
| Cursos Sala Especializados 2 D/S Abonados                                             | 60,75 €  | 50,21 €  | 51,82 €  | 10,88 € | 62,70 €  | 62,70 €  |
| Cursos Sala Especializados 2 D/S NO Abonados                                          | 121,45 € | 100,37 € | 103,58 € | 21,75 € | 125,33 € | 125,35 € |
| Entrada libre piscina Adultos                                                         | 4,55 €   | 3,76 €   | 3,88 €   | 0,81 €  | 4,69 €   | 4,70 €   |
| Entrada libre piscina Menores                                                         | 3,05 €   | 2,52 €   | 2,60 €   | 0,55 €  | 3,15 €   | 3,15 €   |
| Entrada libre sala fitness Adultos                                                    | 4,55 €   | 3,76 €   | 3,88 €   | 0,81 €  | 4,69 €   | 4,70 €   |
| Entrada libre sala fitness Menores                                                    | 3,05 €   | 2,52 €   | 2,60 €   | 0,55 €  | 3,15 €   | 3,15 €   |
| Entrada libre completa incluido SPA                                                   | 15,15 €  | 12,52 €  | 12,92 €  | 2,71 €  | 15,63 €  | 15,65 €  |
| Adiestramientos especificos personalizados mensual                                    | 22,80 €  | 18,84 €  | 19,44 €  | 4,08 €  | 23,52 €  | 23,50 €  |
| Personal Training 1 sesion                                                            | 22,80 €  | 18,84 €  | 19,44 €  | 4,08 €  | 23,52 €  | 23,50 €  |
| Personal Training 5 sesiones                                                          | 98,85 €  | 81,69 €  | 84,30 €  | 17,70 € | 102,00 € | 102,00 € |
| Personal Training 10 sesiones                                                         | 182,25 € | 150,62 € | 155,44 € | 32,64 € | 188,08 € | 188,10 € |
| Alquiler toalla pequena por acceso                                                    | 1,00 €   | 0,83 €   | 0,86 €   | 0,18 €  | 1,04 €   | 1,05 €   |
| Alquiler toalla grande por acceso                                                     | 1,15 €   | 0,95 €   | 0,98 €   | 0,21 €  | 1,19 €   | 1,20 €   |
| Bono mensual toalla pequena (1 por acceso)                                            | 9,15 €   | 7,56 €   | 7,80 €   | 1,64 €  | 9,44 €   | 9,45 €   |
| Bono mensual toalla grande (1 por acceso)                                             | 15,15 €  | 12,52 €  | 12,92 €  | 2,71 €  | 15,63 €  | 15,65 €  |
| Alquiler mensual de taquillas                                                         | 15,15 €  | 12,52 €  | 12,92 €  | 2,71 €  | 15,63 €  | 15,65 €  |
| Alquiler 1 calle piscina 1 h                                                          | 27,35 €  | 22,60 €  | 23,32 €  | 4,90 €  | 28,22 €  | 28,20 €  |
| Alquiler 1 sala de actividades 1 h                                                    | 27,35 €  | 22,60 €  | 23,32 €  | 4,90 €  | 28,22 €  | 28,20 €  |
| Fianza carnet usuario (abonados y cursillistas)                                       | 4,55 €   | 3,76 €   | 3,88 €   | 0,81 €  | 4,69 €   | 4,70 €   |
| Carnet / pulsera                                                                      | 4,55 €   | 3,76 €   | 3,88 €   | 0,81 €  | 4,69 €   | 4,70 €   |
| Perdida del carnet usuario (a partir 2º carnet)                                       | 4,55 €   | 3,76 €   | 3,88 €   | 0,81 €  | 4,69 €   | 4,70 €   |
| Perdida llave taquilla                                                                | 4,55 €   | 3,76 €   | 3,88 €   | 0,81 €  | 4,69 €   | 4,70 €   |

S.ord. 24/07/2026



| Tabla de actividades Ordinarias.- Actualizacion IPC periodo (abril 2025 a abril 2026) |         |         |         |        |         |         |
|---------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------|---------|--------|---------|---------|
| Devolución bancaria                                                                   | 1,45 €  | 1,20 €  | 1,24 €  | 0,26 € | 1,50 €  | 1,50 €  |
| Tarifa Plus Spa                                                                       | 22,80 € | 18,84 € | 19,44 € | 4,08 € | 23,52 € | 23,50 € |

| Tabla de actividades complementarias padel.- Actualizacion IPC periodo (abril 2025 a abril 2026) |                        |             |                   |                           |                                               |            |                           |                                   |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|-------------|-------------------|---------------------------|-----------------------------------------------|------------|---------------------------|-----------------------------------|
|                                                                                                  |                        |             | con iva<br>(21 %) | Tarifa<br>actual<br>s/IVE | Tarifa +<br>IPC a<br>abril 2024<br>s/iva 3,2% | IVE<br>21% | Nova<br>tarifa<br>con iva | Tarifa<br>final<br>redonde<br>ada |
| 1 hora                                                                                           | Pistas<br>descubiertas | 07:00/17:00 | 13,05 €           | 10,79 €                   | 11,14 €                                       | 2,34 €     | 13,48 €                   | 13,50 €                           |
|                                                                                                  |                        | 17:00/23:00 | 15,95 €           | 13,18 €                   | 13,60 €                                       | 2,86 €     | 16,46 €                   | 16,45 €                           |
|                                                                                                  | Pistas<br>Cubiertas    | 07:00/17:00 | 14,55 €           | 12,02 €                   | 12,40 €                                       | 2,60 €     | 15,00 €                   | 15,00 €                           |
|                                                                                                  |                        | 17:00/23:00 | 17,35 €           | 14,34 €                   | 14,80 €                                       | 3,11 €     | 17,91 €                   | 17,90 €                           |
|                                                                                                  |                        |             |                   | 0,00 €                    | 0,00 €                                        | 0,00 €     | 0,00 €                    | - €                               |
| 1/2 hora                                                                                         | Pistas<br>descubiertas |             | 7,25 €            | 5,99 €                    | 6,18 €                                        | 1,30 €     | 7,48 €                    | 7,50 €                            |
|                                                                                                  |                        |             | 8,70 €            | 7,19 €                    | 7,42 €                                        | 1,56 €     | 8,98 €                    | 9,00 €                            |
| suplemento luz (ind.<br>Tempo)                                                                   |                        |             | 2,90 €            | 2,40 €                    | 2,48 €                                        | 0,52 €     | 3,00 €                    | 3,00 €                            |
| Bono 10 (1 h) S/Luz                                                                              |                        |             | 139,10 €          | 114,96 €                  | 118,64 €                                      | 24,91 €    | 143,55 €                  | 143,55 €                          |
| Bono 20 (1 h) S/Luz                                                                              |                        |             | 270,95 €          | 223,93 €                  | 231,10 €                                      | 48,53 €    | 279,63 €                  | 279,65 €                          |
| Bono 30 (1 h) S/Luz                                                                              |                        |             | 395,55 €          | 326,90 €                  | 337,36 €                                      | 70,85 €    | 408,21 €                  | 408,20 €                          |
| Clases de Padel                                                                                  |                        |             |                   | 0,00 €                    | 0,00 €                                        | 0,00 €     | 0,00 €                    | - €                               |
| Curso mensual 1 d/s<br>(mx 5 alum)                                                               | Abonados               |             | 57,85 €           | 47,81 €                   | 49,34 €                                       | 10,36 €    | 59,70 €                   | 59,70 €                           |
|                                                                                                  | Non abonados           |             | 86,85 €           | 71,78 €                   | 74,08 €                                       | 15,56 €    | 89,64 €                   | 89,65 €                           |
| Curso mensual 2 d/s<br>(mx 5 alum)                                                               | abonados               |             | 108,75 €          | 89,88 €                   | 92,76 €                                       | 19,48 €    | 112,24 €                  | 112,25 €                          |
|                                                                                                  | Non abonados           |             | 159,35 €          | 131,69 €                  | 135,90 €                                      | 28,54 €    | 164,44 €                  | 164,45 €                          |
| Bono 5 clases<br>individuais                                                                     |                        |             | 246,35 €          | 203,60 €                  | 210,12 €                                      | 44,13 €    | 254,25 €                  | 254,25 €                          |
| Bono 5 clases<br>colectivas (2/4 pers)                                                           |                        |             | 608,60 €          | 502,98 €                  | 519,08 €                                      | 109,01 €   | 628,09 €                  | 628,10 €                          |
| Aluguer Raqueta<br>(partido)                                                                     |                        |             | 2,20 €            | 1,82 €                    | 1,88 €                                        | 0,39 €     | 2,27 €                    | 2,25 €                            |





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### 12(638).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA ACORDO DA XGL 22/05/2026 POLO QUE SE APROBARON AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2026. EXPTE. 22216/77.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/07/2026, asinado pola letrada asesora xurídica instrutora e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### I. ANTECEDENTES

1. Constan nos antecedentes obrantes no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, convocatorias de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo dende o ano 2013, das que se citan, a título de exemplo en canto aos períodos e programas subvencionados e créditos orzamentarios de gasto, as que se relacionan deseguido:

| Ano  | Expediente | Período máximo                                  | Programas / Beneficiarias / Orzamento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|------|------------|-------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2018 | 14538-77   | 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018: 9 meses | 1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>2.- Programas II: "Entidades sociais e asistenciais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 100.000,00 € (cen mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros).<br>6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €. |
| 2019 | 16049-77   | Do 1 de xaneiro ao 30 de setembro: 9 meses      | 1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 150.000,00 € (cento cincuenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 100.000,00 € (cen mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.<br>5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).<br>6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.   |

S.ord. 24/07/2026



| Ano  | Expediente | Período máximo                                                                                 | Programas / Beneficiarias / Orzamento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|------|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2020 | 17040-77   | Do 1 de xaneiro ao 30 de setembro: 9 meses                                                     | <p>1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais": 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 25.000,00 € (vinte e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.</p> <p>4.- Programa VI: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).</p> <p>6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.</p> |
| 2021 | 17987-77   | Dende o 1/10/2020 ata o 31/07/2021                                                             | <p>Programa I: "Entidades veciñais e culturais" Epígrafes 10.1 e 10.5.</p> <p>Programa II: "Entidades sociais e asistenciais" Epígrafes 1, 2, 4.1 e 9.1.</p> <p>Programa III: "Organizacións sindicais" Epígrafes Programa IV: "Entidades empresariais". Epígrafes 5.2 Programa V: "Comunidades de Montes". Epígrafe 10.7 Programa VI: "Entidades deportivas" Epígrafes 3.0.0, 3.1.1 e 3.1.2</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| 2022 | 18713-77   | Se establece un período máximo subvencionado de 9 meses por cada posto de traballo solicitado. | <p>1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais": 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 20.000,00 € (vinte mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 20.000 €.</p> <p>4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).</p> <p>6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 200.000,00 € (douscentos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.</p>               |
| 2023 | 19969-77   | Período máximo subvencionado de 9 meses                                                        | <p>1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais": 330.000,00 € (tres centos trinta e mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 20.000,00 € (vinte mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 20.000 €.</p> <p>4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 30.000 €.</p> <p>5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).</p> <p>6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 200.000,00 €</p>                                                                                                                                |





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

| Ano  | Expediente | Período máximo                           | Programas / Beneficiarias / Orzamento                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|------|------------|------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|      |            |                                          | (douscentos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 25.000 €.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| 2024 | 20803-77   | Período máximo subvencionado de 9 meses  | 1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.<br>2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais": 440.000 € (catrocentos centos corenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.<br>3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 111.000 € (cento once mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.<br>4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.<br>5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).<br>6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €. |
| 2025 | 21477-77   | Período máximo subvencionado de 9 meses. | 1.- Programa I "Entidades veciñais e culturais": 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.<br>2.- Programa II: "Entidades sociais e asistenciais": 440.000 € (catrocentos centos corenta mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.<br>3.- Programa III: "Organizacións sindicais": 11.000 € (cento once mil euros).<br>4.- Programa IV: "Entidades empresariais": 200.000,00 € (dous centos mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.<br>5.- Programa V: "Comunidades de Montes": 145.000,00 € (cento corenta e cinco mil euros).<br>6.- Programa VI: "Entidades deportivas": 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros). A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.                                                                                           |

2. A Xunta de Goberno Local de data 22/05/2026 aprobou convocatoria e o extracto da convocatoria das "Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" correspondentes ao ano 2026 (expte. 22018-77)

As ditas axudas se integran na liña 4.7.- Fomento de actividades sociais: actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08/03/2024.

3. As bases foron publicadas no BOP núm. 99 de 27/05/2026 e o extracto da convocatoria no BOP núm. 101 de 1/06/2026. A partir do día seguinte ao da derradeira publicación se iniciou o prazo de presentación de solicitudes das axudas que finalizou o 15/06/2026.

4. En data 29/06/2026, a través do documento núm. 260180506 incorporado ao expediente núm. 22216-77, D. Xavier Pérez Igrexas, en calidade de concelleiro e Portavoz do Grupo

S.ord. 24/07/2026



Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) do Concello de Vigo interpón recurso de reposición contra a aprobación das Bases Reguladoras das Subvencións para o Fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2026 (expte. 22018-77), aprobadas por acordo da XGL do Concello de Vigo de 22/05/2026.

## II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **PRIMEIRO.- SOBRE O RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN. LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN DO RECURSO E ADMISIBILIDADE**

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que os actos administrativos que poñan fin en vía administrativa poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houbese ditado.

O prazo de interposición será dun mes se o acto fora expreso, transcorrido o cal, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes, transcorrido o cal, en virtude do disposto no artigo 24.1 da Lei 39/2015 (LRXPAC)

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

O art. 63.1.b) da Lei 7/1985 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), establece que, poderán impugnar os actos e acordos das entidades locais que incorran en infracción do ordenamento xurídico os membros das corporacións que tiesen votado en contra, lexitimación que a xurisprudencia estende aos membros das corporacións para impugnar os acordos dos órganos dos que on forman parte.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentado en tempo e forma o recurso relacionado nos antecedentes.

### **SEGUNDO.- MOTIVACIÓN E PROCEDENCIA DO RECURSO PRESENTADO. SOBRE A ALEGADA INCONGRUENCIA E VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE INTERDICIÓN DA ARBITRARIEDADE (ART. 9.3 CE).**

Procede desestimar o motivo segundo alegado polo recorrente en base ás seguintes consideracións xurídicas:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

En primeiro termo, debe sinalarse que, o recurso vincula erroneamente a finalidade estratéxica da subvención coa obriga de financiamento total dos custes laborais das contratacións obxecto das axudas.

A Base 1ª da convocatoria sinala que o obxecto é o "fomento da creación e consolidación do emprego estable" e, para acadar a dita finalidade a Administración deseña un estímulo ou incentivo financeiro inicial (9 meses de subvención) para facilitar que as entidades asuman a contratación indefinida.

É dicir, a subvención, en canto actividade de fomento, é un incentivo ou axuda parcial para promover a consecución dunha finalidade de interese público e non un contrato de servizos nin implica necesariamente o financiamento total do proxecto subvencionado, senón que, os obxectivos desta liña de axudas de promover a estabilidade laboral e o fomento do emprego se acadan mediante a obriga xurídica imposta ao beneficiario na modalidade de contratación do seu persoal, isto é, respectivamente, a contratación fixa e a contratación de mellora de ocupabilidade, para facilitar o acceso ao mercado laboral ás persoas con maiores dificultades de inserción laboral e que figuran inscritas como demandantes de emprego. Mentres que, a duración da axuda, responde estritamente á dispoñibilidade orzamentaria e á potestade autoorganizativa da Administración.

Ademais do que antecede, non existe ningunha normativa subvencional que impoña á Administración a obriga de sufragar o 100 % dos custos laborais anuais de xeito indefinido para que se cumpra a finalidade perseguida coa liña de subvencións, isto é, a estabilidade laboral e o fomento do emprego.

Polo tanto négase a existencia de arbitrariedade e incoherencia interna nas bases da convocatoria, xa que a fixación dun período máximo subvencionable de nove meses está motivada tecnicamente e responde a criterios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e optimización dos recursos públicos de acordo co art. 8 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (LXS) e asemade permite acadar os seguintes obxectivos:

- Ampliar o número de entidades beneficiarias e, polo tanto, o número total de persoas desempregadas contratadas.
- Evitar a dependencia absoluta do terceiro sector dos fondos públicos, garantindo a corresponsabilidade das entidades sen ánimo de lucro na sostibilidade dos seus propios proxectos.

Por outra banda, a sentenza do Tribunal Supremo de 20 de marzo de 2018, citada no recurso non é aplicable ao caso, xa que alí sancionábase a carencia absoluta de motivación ou a introdución de medidas que impedían acadar o fin da subvención, mentres que, neste caso, a medida (financiamento das contratacións), si contribúe directamente ao fin (crear emprego), xa que reduce substancialmente a carga económica inicial das entidades para incorporar ao/s traballador/es de xeito estable.

En definitiva, a estabilidade do contrato laboral, en contra do aducido no recurso, ven determinada pola súa tipoloxía xurídica (contrato indefinido), non por que o salario sexa pagado integramente con fondos públicos, pois as entidades beneficiarias asumen o papel

S.ord. 24/07/2026



de empregadoras e, polo tanto, o risco e ventura de soste os postos máis alá da obtención dunha axuda puntual.

Por último, debe sinalarse que, o artigo 17 da Lei 38/2003 xeral de subvencións outorga á Administración facultades discrecionais para fixar as bases reguladoras, incluíndo o período subvencionable.

Polo tanto, a solicitude de modificar a Base 3.1.1 para ampliála a 12 meses supón unha **inxerencia na potestade de autoorganización e planificación económica** desta Administración, o que alteraría ademais o crédito orzamentario dispoñible e prexudicaría o principio de concorrencia con respecto ás entidades participantes que, axustándose as condicións e modelos establecidos nas bases da convocatoria, xa presentaron o proxecto no prazo establecido na convocatoria.

**TERCEIRO.- SOBRE A ALEGADA VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE CONFIANZA LEXÍTIMA, REGRESIÓN INMOTIVADA E FALTA DE MOTIVACIÓN (ART. 3.1 LEI 40/2015 E ART. 35 LEI 39/2015).**

Procede desestimar integramente as pretensións do recorrente baseadas nos seguintes fundamentos xurídicos:

O Tribunal Supremo ten reiterado de xeito constante que as subvencións públicas non xeran dereitos adquiridos para os beneficiarios de cara a futuras convocatorias.

De feito, cada convocatoria constitúe un procedemento independente, estanco e autónomo, suxeito, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias e tamén, ás prioridades das políticas públicas en cada exercicio económico. Polo tanto, o feito de que, en anos anteriores (2024-2025) se financiase unha determinada porcentaxe de contratacións formalizadas en precedentes convocatorias, non obriga á administración a manter as condicións de forma perpetua, e máxime se, en base ao deseño da estratexia política para o fomento do emprego e a inserción laboral se opta por priorizar as novas contratacións así como o acceso ao emprego ás persoas con maiores dificultades e excluídas do mercado laboral, sobre aqueles que xa contan cun emprego estable ou consolidado.

En canto ao alcance do principio de confianza lexítima (art. 3.1 da Lei 40/2015), debe sinalarse que, o dito principio protexe fronte a cambios bruscos e arbitrarios dentro dun procedemento, pero **non opera como un freo á potestade reguladora da Administración** para modificar as regras de futuras convocatorias de axudas públicas, pois iso baleiraría de contido a facultade de autoorganización e de xestión dos fondos públicos.

Neste caso, ademais, as entidades beneficiarias das axudas non contaban cun "acto propio" da Administración que lles garantise formalmente manter o financiamento previo, polo que, ningún principio de confianza lexítima se viu afectado.

A maior abundamento e, como xa se expuxo nos antecedentes desta proposta, a liña de subvencións de fomento do emprego remonta a súa orixe ao ano 2013, e atopábase configurada en similares termos nas precedentes convocatorias en canto ao período subvencionable (9 meses), créditos e programas obxecto das axudas. As únicas novidades introducidas dende o ano 2023, foron as motivadas pola necesidade de adaptar as axudas





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

ao novo marco normativo determinado polo Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, o que se traduciu na obriga de suxeitar as contratacións obxecto de subvención á dita normativa, isto é, a través do financiamento da transformación de contratos temporais en indefinidos, contratación fixa, fixa descontinua ou de mellora da ocupabilidade e inserción laboral.

Non foi ata o ano 2024, cando se creou unha nova liña específica de gastos subvencionables para o fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixo ou fixo descontinuo procedente de convocatorias anteriores. É mais, nas bases das subvencións obxecto do recurso de reposición, se incrementaron, incluso, as anualidades subvencionables con cargo a esta liña (3 anualidades fronte as dúas anualidades financiadas nas anteriores convocatorias de 2024 e 2025) e tan só se introduciu unha modificación na porcentaxe de financiamento das contratacións procedentes das convocatorias 2023 e 2024.

Polo tanto, carece de fundamento o aducido carácter regresivo da convocatoria e a vulneración do principio de confianza lexítima, xa que o obxectivo de acadar a estabilidade do emprego financiando as contratacións laborais que traen causa en convocatorias anteriores, se produciu a partires do ano 2024, no que se financiaban 2 anualidades, mentres que, na presente convocatoria se financian tres, estando motivada a modificación da porcentaxe de cara a acadar o máximo de financiamento dos custes laborais asociados á estabilidade laboral.

En liña co anterior, e fronte á alegación de falta de memoria económica ou motivación (Art. 35 Lei 39/2015), cómpre sinalar que a redución da porcentaxe ao 50% nas epígrafes B) e C) da Base 3.2 está plenamente xustificada no expediente mediante os informes técnicos os cales foron obxecto fiscalización económica. Esta minoración da porcentaxe e o incremento de anualidades financiáveis responde á necesidade estratéxica de **redistribuír os fondos públicos para acadar un maior impacto social**.

Ademais, ao reducir (so parcialmente, para as anualidades 2023 e 2024) o grao de intensidade da axuda para o persoal xa consolidado (que xa recibiu un forte impulso público en anos anteriores), a Administración consegue liberar crédito orzamentario para financiar **novas contratacións** e dar oportunidades a persoas desempregadas que aínda non accederon ao mercado laboral. Trátase, polo tanto, dunha decisión de política económica e de emprego racional, proporcionada e motivada.

Polo contrario, resulta inadmisíbel a petición de fixar un mínimo do 75% ou o 100% de cobertura de custos salariais, pois o que pretende vulneraría frontalmente os principios de **eficiencia e economía no gasto público** (Art. 8.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones).

En efecto, acceder a esta petición obrigaría a modificar os créditos destinados ás novas contratacións reducindo drasticamente a contía das subvencións das entidades beneficiarias e de postos de traballo protexidos en Vigo, prexudicando o interese xeral.

En conclusión, a argumentación do recurso confunde a protección da confianza lexítima coa petrificación do réxime de axudas públicas. Como sinala unha consolidada xurisprudencia, as subvencións non outorgan dereitos adquiridos de cara a futuras edicións e a fixación

S.ord. 24/07/2026



dunha determinada cofinanciación para unha concreta anualidade do programa de estabilidade laboral non supón unha ruptura arbitraria, senón unha lexítima reorientación dos recursos públicos dispoñibles para o exercicio 2026 en función do deseño e definición das políticas públicas.

Así, esta medida procura un equilibrio entre o sostemento do emprego xa creado e a necesaria liberación de crédito para fomentar novas contratacións de persoas desempregadas, a resultas do cal, o deseño das bases cumpre estritamente co deber de motivación e cos principios de eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos, debendo decaer a petición de modificación das porcentaxes de financiamento solicitadas.

A isto engádese o carácter estritamente voluntario da participación nesta convocatoria. Cómpre lembrar a pacífica doutrina xurisprudencial que establece que as bases reguladoras constitúen a *lex privata* do torneo subvencional e vinculan por igual tanto á Administración convocante como aos participantes. A concorrência ao procedemento de concesión de subvencións é un acto estritamente voluntario para as entidades sen ánimo de lucro as cales dispoñen da autonomía de decidir, en función dos seus propios plans de viabilidade e capacidades financeiras, se as condicións económicas ofertadas na convocatoria de 2026 resultan do seu interese ou non. Son as entidades participantes, no ámbito da súa autonomía e de acordo con criterios de corresponsabilidade, as que deben valorar a procedencia de solicitar a axuda de considerar que a porcentaxe de cofinanciamento puidera comprometer a súa estrutura.

O que non resulta xuridicamente admisible é esixir de xeito unilateral a modificación sobre o plano das regras económico-orzamentarias deseñadas pola Administración para protexer o interese público.

#### **CUARTO.- SOBRE A ALEGADA ARBITRARIEDADE NA EXCLUSIÓN DE COSTOS DE ESTRUCTURA E A SUFICIENCIA DOS GASTOS DE XESTIÓN (ART. 8.3 LEI 38/2003 E ART. 29 LEI 9/2007).**

Procede desestimar as pretensións do recorrente en base aos seguintes fundamentos xurídicos:

O recorrente alega que a exclusión do persoal propio de estrutura (dirección, administración) asfixia ás entidades. Porén, o obxecto e a finalidade desta convocatoria (Base 1) é o **fomento da creación e consolidación do emprego** de persoas desempregadas a través de novas contratacións ou do mantemento do persoal inserido. Financiar os custos estruturais ou o persoal ordinario das entidades desnaturalizaría a finalidade do programa, transformándoo nunha axuda para o funcionamento basal do terceiro sector, o cal xa dispón doutras canles orzamentarias e convocatorias específicas para ese fin. Polo tanto, a existencia de que o gasto estea ligado maioritariamente a novas contratacións ou á estabilidade laboral responde estritamente ao principio de vencellamento causal do gasto subvencionable (Art. 31 da Lei 38/2003).

A redacción do artigo 29 da Lei 9/2007 de subvencións e Galicia, segundo o cal, as bases reguladoras “poderán” determinar os gastos subvencionables, confirma que a inclusión ou exclusión de determinados conceptos entra dentro da facultade discrecional da Administración, pois a opción de non financiar a totalidade de custos de estrutura se non hai





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

creación neta de emprego, non resulta ser arbitraria, senón que responde a unha decisión técnica motivada na necesidade de garantir que os fondos públicos teñan un impacto directo na contratación de persoas desempregadas.

Respecto a limitación do 1,5 % para gastos financeiros e de xestión (Base 3.3.2), négase a vulneración do principio de eficiencia do art. 8.3 da Lei 38/2003, o cal, polo contrario e fronte ao pretendido polo recorrente, obriga á Administración a que os recursos públicos se asignen prioritariamente á execución material da actividade fomentada (a contratación) e non a custos burocráticos ou indirectos derivados da propia xestión das axudas e que non se relacionan principalmente cos obxectivos que se pretenden acadar as través da súa instrumentación. Establecer un máximo do 1,5% garante que a maioría do crédito orzamentario vaia destinado integramente ao financiamento dos salarios das persoas traballadoras obxecto de protección e minimiza o desvío de fondos cara a tarefas administrativas que a entidade, como organizadora, deba asumir cos seus propios medios.

A determinación das porcentaxes máximas dos gastos indirectos imputables á subvención corresponde, exclusivamente, ao órgano convocante en base ao crédito orzamentario dispoñible e á planificación estratéxica aprobada para o Concello.

A vista do que antecede, se conclúe que, a pretensión de reincorporar o financiamento de custos de persoal de estrutura ata un 25% e elevar os gastos de xestión ao 5% debe ser desestimada, pois o programa regulado nestas bases ten por obxecto exclusivo a creación e estabilización de postos de traballo directos para persoas desempregadas, polo que non cabe incrementar a imputación dos custos básicos de funcionamento ou de administración ordinaria que deben ser soportados polas propias entidades ou canalizados a través doutras liñas de axuda específicas.

A limitación do 1,50% para gastos financeiros e de xestión non resulta arbitraria nin vulnera o artigo 8.3 da Lei 38/2003, senón que, garante a máxima eficiencia na asignación dos fondos públicos, asegurando que a práctica totalidade da subvención reverta directamente nos salarios do persoal contratado.

En conclusión, o deseño dos gastos subvencionables axústase plenamente á potestade discrecional que o artigo 29 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (LSG) outorga a esta Administración, polo que non existe infracción legal nin arbitrariedade ningunha.

### **QUINTO.- SOBRE A ALEGADA VULNERACIÓN DOS PRINCIPIOS DE BOA ADMINISTRACIÓN, SEGURIDADE XURÍDICA E PROPORCIONALIDADE NO SISTEMA DE PAGAMENTO E EXCLUSIÓN DE CONTINXENCIAS LABORAIS (ART. 31.6 LEI 9/2007 E ART. 129 LEI 39/2015).**

Procede desestimar as pretensións do recorrente en base aos seguintes fundamentos xurídicos:

Négase a alegada vulneración do principio de boa administración debido a que a Base 5 limita o anticipo ao 50 %, vinculando o resto da subvención ao pagamento final.

S.ord. 24/07/2026



Segundo a dicción literal do artigo artigo 31.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases reguladoras "**poderán**" prever entregas de fondos a conta ou pagamentos anticipados, do que se colixe que, a norma non impón de ningún xeito un dereito automático ao anticipo total, nin obriga á Administración a financiar integramente a tesourería das entidades.

O réxime adoptado (50% de anticipo) supón unha fórmula equilibrada e motivada que minimiza o risco de falta de liquidez das entidades destinatarias da axuda ao mesmo tempo que salvagarda o control dos fondos públicos, ao non liberar a totalidade das axudas concedidas sen unha previa xustificación da axeitada aplicación das mesmas.

Por outra banda, a reclamación de que se subvencionen as indemnizacións por razón de extinción de contratos ou outras continxencias laborais carece de amparo legal, xa que, os gastos subvencionables deben responder de xeito indubidable á execución material da actividade, ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e as indemnizacións por despedimento obxectivo ou fin de contrato trátanse de gastos derivados da resolución do vínculo laboral que, si se trasladasen de xeito automático á Administración, provocarían que o Concello asumise o risco e ventura empresarial que lle corresponde á entidade beneficiaria na súa condición de única empregadora, resultando desnaturalizada a propia subvención cuxa finalidade é garantir a o incremento das contratacións e a estabilidade laboral.

Tampouco se vulnera o principio de proporcionalidade regulado no art. 129 da Lei 39/2015, xa que, a administración non "impón" obrigas laborais de forma coercitiva, senón que o que fai é establecer as **condicións técnicas necesarias** (contratación indefinida) para outorgar de forma voluntaria un financiamento público, de xeito que, se unha entidade sen ánimo de lucro decide concorrer libremente á convocatoria, asume voluntariamente os dereitos, obrigas e responsabilidades que a lexislación laboral vixente (Estatuto dos Traballadores) atribúe a calquera empresario, incluíndo os custos derivados do cesamento do persoal.

As bases reguladoras son claras, taxativas e están suxeitas a un réxime de publicidade no Boletín Oficial da Provincia, co que, especifican de antemán os conceptos subvencionables e os excluídos. Deste xeito, as entidades poden coñecer anticipadamente e con absoluta exactitude as regras de concesión das axudas con carácter previo á presentación das solicitudes. Polo tanto, o principio de seguridade xurídica queda plenamente garantido, non existindo ningunha indefensión nin arbitrariedade nesta convocatoria.

En conclusión, debe decaer o motivo de impugnación relativo á suposta vulneración dos principios de boa administración e seguridade xurídica, en base aos seguintes argumentos:

- a) O sistema de pagamento que contempla un anticipo do 50% constitúe un exercicio lexítimo da facultade discrecional que o artigo 31.6 da Lei 9/2007 outorga a esta Administración, sen que exista obriga legal de sufragar a totalidade da tesourería previa das entidades participantes.
- b) A exclusión como gasto subvencionable das indemnizacións por extinción de contratos resulta plenamente conforme co artigo 31 da Lei 38/2003. As devanditas continxencias económicas derivan do risco inherentemente ligado á condición de empregador que asumen de xeito estritamente voluntario as entidades beneficiarias das axudas, sen que poida





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

pretenderse que a Administración teña a obriga de absorber a dita responsabilidade empresarial.

c) Ao estaren estas regras fixadas e publicadas de forma clara nas bases con anterioridade, salvagárdase integramente o principio de seguridade xurídica.

### **SEXTO.- SOBRE A ALEGADA NECESIDADE DE ADECUACIÓN DOS CUSTOS ÁS TÁBOAS DOS CONVENIOS COLECTIVOS E ACTUALIZACIÓN AUTOMÁTICA (ART. 3 ET, ART. 7.1 LGS, DIRECTIVA UE 2023/970 E ODS 8).**

Procede desestimar as pretensións do recorrente en base aos seguintes fundamentos xurídicos:

O recurso parte dunha premisa errónea ao afirmar que a fixación de topes na subvención induce ao incumprimento dos convenios colectivos ou á infracción do artigo 3 do Estatuto dos Traballadores, ao trasladar a responsabilidade de condutas infractoras na orde social e de vulneración de dereitos laborais á administración pública concedente das axudas.

Ao contrario, as bases reguladoras non fixan o salario que o traballador debe percibir, senón a **contía máxima da axuda pública** que a Administración pode conceder por cada posto. Entón, a obriga de cumprir estritamente co convenio colectivo sectorial aplicable e de aboar as táboas salariais vixentes correspóndelle, en exclusiva, á entidade beneficiaria na súa condición de **única empregadora**, quen deberá aportar os fondos propios necesarios para cubrir calquera diferencial se o custo real supera o máximo subvencionable.

Polo tanto a administración, en ningún caso, impón salarios por debaixo do convenio mínimo, mais o establecemento de límites cuantitativos máximos nas axudas é unha medida necesaria e habitual para garantir o principio de **estabilidade orzamentaria e a distribución equitativa dos recursos públicos**. Polo contrario, financiar de forma ilimitada ou indexada automaticamente ao custo total de calquera convenio sectorial rompería a planificación económica do Concello e impediría coñecer con certeza o alcance do gasto público, vulnerando os principios de eficiencia e control orzamentario.

A solicitude de "actualización automática conforme ás revisións salariais pactadas" resulta inviable no réxime de subvencións de concorrência competitiva pois, conforme á normativa orzamentaria local e autonómica, os créditos destinados a unha convocatoria anual son **fixos e limitados**, polo que, non é xuridicamente posible recoñecer un dereito á actualización automática e indeterminada das contías subvencionadas ao longo do exercicio, xa que isto vulneraría o principio de especialidade orzamentaria e prexudicaría a asignación de fondos aprobada para o resto de entidades concorrentes non afectadas polas revisións salariais.

O obxectivo de acadar un "emprego de calidade" e o respecto aos principios da Directiva Europea (UE) 2023/970 de Transparencia Retributiva ou do ODS 8 da Axenda 2030 non se ven comprometidos polas bases. Estas normas internacionais e directivas vinculan ás entidades na súa xestión de persoal de cara a garantir a igualdade e o traballo digno, mentres que, a subvención cumpre a súa función social ao **facilitar e minorar o custo de**

S.ord. 24/07/2026



**acceso** ao mercado de traballo, pero non substitúe nin absorbe a responsabilidade empresarial do terceiro sector de soste contratos legalmente retribuídos.

A vista do que antecede, tampouco pode prosperar o sexto motivo do recurso, pois o recurso confunde os límites máximos de cofinanciación que a Administración establece nas súas bases coa fixación da retribución laboral dos traballadores. En definitiva, o establecemento de topes cuantitativos na axuda pública non vulnera o artigo 3 do Estatuto dos Traballadores nin induce a ningunha infracción laboral pois a obriga de aplicar o convenio sectorial correspondente e de garantir as contías mínimas obrigatorias recae integralmente sobre a entidade beneficiaria en calidade de empregadora.

A administración deseña un estímulo financeiro limitado en función das dispoñibilidades orzamentarias aprobadas, sendo inviable a actualización automática ou a cobertura indexada de custos de convenio, o cal quebrantaría os principios de estabilidade orzamentaria, eficiencia e especialidade do gasto público (Art. 8.3 da Lei 38/2003). Por tanto, non existindo ningunha contradición legal nin indución á precarización, este motivo debe ser desestimado.

#### **SÉTIMO.- SOBRE AS PROPOSTAS ADICIONAIS DE MELLORA E CONSIDERACIÓNS SOBRE A VALORACIÓN DA LINGUA GALEGA (ART. 112 E SEGUINTE DA LEI 39/2015).**

Procede desestimar na súa totalidade as propostas de mellora e a impugnación das bases por cuestións lingüísticas en base ás seguintes consideracións xurídicas:

O recorrente expón nos apartados a), b) e c) unha serie de propostas (elevar o límite a 50.000 €, priorizar contratos de máis de tres anos e crear liñas de gasto estrutural) que define textualmente como "*solicitudes complementarias ou alegacións de mellora*". Cómpre sinalar que o recurso administrativo de reposición ten como finalidade exclusiva o **control de legalidade** dos actos administrativos (Art. 112 da Lei 39/2015). Non constitúe unha canle de negociación colectiva nin un trámite de participación cidadá para emendar a planificación técnico-económica do Concello. Ao non sinalar ningunha infracción do ordenamento xurídico nestes tres puntos, senón meras discrepancias sobre a oportunidade das axudas, as pretensións deben ser rexeitadas.

No apartado d), o recorrente esixe que o uso do galego sexa un "*requisito preceptivo para poder acceder*" e non un criterio de valoración. Esta pretensión carece de fundamento legal e resultaría contraria ao dereito.

A fórmula adoptada na Base 10 axústase estritamente á lexislación vixente, respectando o fomento da lingua propia conforme á Lei de Normalización Lingüística de Galicia e a Ordenanza Municipal, polo que, a convocatoria se suxeita ao disposto no artigo 20.2.1) da Lei de Subvencións de Galicia, que establece que, deberá conter, entre outros "*Criterios de valoración de las solicitudes, en su caso. Se evaluará, en todo caso, el empleo de la lengua gallega en la realización de actividades o conductas para las que se solicita la ayuda*".

Fronte á crítica de que non se especifican de forma pormenorizada os medios de acreditación do uso do galego, isto non invalida as bases. Corresponde aos órganos de





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

instrución e valoración determinar, na fase correspondente do procedemento e a través da memoria do proxecto que acheguen os solicitantes, a realidade do cumprimento de devandito mérito. Art. 48 da Ley 39/2015).

A vista do que antecede, en canto ao sétimo motivo, o propio recorrente cualifica as súas peticións de incrementos de límites económicos ou creación de novas liñas de gasto como 'propostas adicionais' ou 'alegacións de mellora'. Ditas pretensións deben ser desestimadas de plano por canto exceden do obxecto propio dun recurso de reposición, o cal se limita a fiscalizar a legalidade das bases e non a redeseñar a política de gasto do Concello de Vigo en atención a criterios de mera oportunidade de parte.

Así mesmo, a pretensión de converter o uso da lingua galega nun requisito excluínte de acceso, en lugar dun criterio de valoración positiva en réxime de concorrència competitiva, carece de cobertura legal e resultaría contraria ao principio de proporcionalidade. O deseño da Base Décima.3.1.c), que outorga ata dous puntos por este concepto, fomenta de maneira idónea a normalización lingüística no tecido asociativo local sen restrinxir arbitrariamente o acceso ás axudas públicas, e cumpre co disposto no art. 20.2.l) LSG polo que este motivo debe ser integramente rexeitado.

### **OCTAVO.- SOBRE A SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DO PROCEDEMENTO (OTROSÍ DO RECURSO, ART. 117 DA LEI 39/2015).**

Procede denegar a medida cautelar de suspensión instada polo recorrente en base aos seguintes fundamentos de feito e de dereito:

Consta no expediente que o prazo de presentación de solicitudes de subvención finalizou o 15 de xuño de 2026, mentres que, o recurso se interpuxo con data 29 de xuño de 2026. Polo tanto, cando se formulou a solicitude de medida cautelar, o prazo cuxa suspensión se pretendía xa se atopaba plenamente esgotado e vencido, sen que caiba suspensión cautelar de prazos que xa feneceron ao terse producido unha perda sobrevida do obxecto da medida solicitada.

O art. 117 da Lei 39/2015 esixe realizar unha ponderación entre o prexuízo que causaríase ao interese público ou a terceiros e o que se pretende evitar coa suspensión. Neste caso, acceder á suspensión de calquera outro prazo procedimental (instrución, concesión e pago) causaría un **grave e evidente prexuízo ao interese público xeral e ao tecido asociativo de Vigo no seu conxunto**. Paralizar a convocatoria impediría a resolución en prazo, o que abocaría á perda das axudas, o incumprimento das normas de peche de exercicio orzamentario, e á imposibilidade de realizar as concesións e os pagamentos económicos das subvencións de fomento de emprego ás entidades sen ánimo de lucro que, tendo gastos financiados relacionados co fomento do emprego e a estabilidade laboral, formularon as súas solicitudes nos prazos e conforme ás normas establecidas nas bases da convocatoria.

Ademais, a suspensión cautelar exige que a execución do acto poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, ou que a impugnación se fundamente nunha causa de nulidade de pleno dereito (Art. 47 da Lei 39/2015).

S.ord. 24/07/2026



Como quedou acreditado nos anteriores fundamentos de dereito, as bases reguladoras son plenamente conformes ao ordenamento xurídico e non adolecen de ningún vicio de nulidade nin arbitrariedade, sen que, ningún dos motivos alegados polo recorrente se fundamenten en causa de nulidade de pleno dereito, polo que a pretensión cautelar debe ser desestimada.

#### **NOVENO.- SOBRE A FALTA DE FUNDAMENTACIÓN DE CAUSAS DE NULIDADE OU ANULABILIDADE E A MERA DISCREPANCIA DE OPORTUNIDADE.**

Procede desestimar de plano o recurso ao constatare que os argumentos expostos polo recorrente non subsumen ningunha das causas de invalidez taxativamente previstas na lexislación administrativa:

O escrito de interposición carece de argumentación xurídica dirixida a demostrar a concurrencia dalgún vicio de nulidade de pleno dereito ou de anulabilidade (**Arts. 47 e 48 da Lei 39/2015**) do acto impugnado. O recurso limita toda a súa estratexia a impugnar a idoneidade, suficiencia ou conveniencia das porcentaxes de financiamento (50% ou 75%), os topos por entidade (35.000 € ou 50.000 €) e as exclusións de gastos (indemnizacións ou custos de estrutura).

Polo tanto, trátase dunha **mera crítica de oportunidade**, pero desprovista de encadre nas causas de invalidez que esixe a Lei 39/2015 ou a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

A xurisprudencia constitucional e ordinaria ten establecido de xeito unánime que o control por vía de recurso administrativo e posterior control xudicial está estritamente limitado ao **xuízo de legalidade**.

En consecuencia, ao non terse acreditado a infracción de ningunha norma de rango legal ou regulamentario, senón unha simple discrepancia co modelo económico e organizativo elixido polo Concello de Vigo para o fomento do emprego en 2026, o recurso debe ser integramente desestimado.

#### **III.- COMPETENCIA PARA RESOLVER O RECURSO**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

A competencia para a aprobación do expediente reside a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previas as conformidades da Concellería da Área de Goberno e da Concellería-delegada que, por delegación da Excm. Alcaldía e da propia X.G.L., teñan atribuídas competencias en materia de planificación e xestión de recursos humanos no actual réxime de delegacións competenciais, sendo en consecuencia competente para a resolución dos recursos que en vía administrativa, e consonte á normativa vixente, constan presentados.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

Á vista do exposto, e coa conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía e relación coas empresas, Turismo e Xuventude (Resolución de Alcaldía do 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025). elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.- DENEGAR A SUSPENSIÓN CAUTELAR** do procedemento de concesión de subvencións regulado polas bases da convocatoria para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o exercicio 2026, solicitada polo recorrente no *Outrosí* do seu escrito, por concorrer perda de obxecto respecto ao prazo de solicitudes e resultar gravemente prexudicial para o interese público e de terceiros (Art. 117 da Lei 39/2015).

**SEGUNDO.- DESESTIMAR** integramente, nos termos do informe proposta que antecede, o recurso de reposición interposto por D. Xavier Pérez Iglesias, en calidade de concelleiro e Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) contra as bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o exercicio 2026, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data 27/05/2026 (expediente 22018/77), rexeitando de plano todas e cada unha das solicitudes de modificación da convocatoria formuladas (puntos 1 ao 8 do suplico do recurso), e confirmando a validez íntegra de devandito acto en todos os seus termos por ser plenamente conforme ao ordenamento xurídico.

**TERCEIRO.- NOTIFICAR** o presente acordo ao recorrente con indicación do réxime de recursos

**RÉXIME DE RECURSOS:** Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(639).- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL ABOLICIONISTA DA PROSTITUCIÓN E CONTRA TODO TIPO DE EXPLOTACIÓN SEXUAL. EXPTE. 14712/224.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/07/2026, asinado pola xefa de Igualdade e a asesora xurídica de Igualdade, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data 15 de xullo de 2026, mediante decreto ditado no exercicio das competencias atribuídas pola normativa de réxime local e polas resolucións e acordos de

S.ord. 24/07/2026



delegación de competencias vixentes, a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade acordou iniciar a tramitación da **Ordenanza municipal abolicionista da prostitución e contra todo tipo de explotación sexual para o Concello de Vigo**, coa finalidade de establecer un marco municipal de actuación nesta materia dentro do ámbito competencial da entidade local.

A resolución de inicio fundamenta a oportunidade da iniciativa normativa na necesidade de dotar ao Concello de Vigo dun instrumento regulamentario que permita orientar a actuación municipal fronte á prostitución e ás distintas formas de explotación sexual, mediante o exercicio das competencias municipais en materia de igualdade, servizos sociais, convivencia cidadá, seguridade e utilización dos espazos públicos.

**Segundo.-** En execución do referido decreto elaborouse a documentación preparatoria necesaria para esta primeira fase da iniciativa regulamentaria, incorporándose ao expediente o documento destinado á realización da consulta pública previa prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A citada documentación incorpora a xustificación da iniciativa normativa, a análise da súa necesidade e oportunidade, a definición dos obxectivos perseguidos, a súa adecuación aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da citada Lei e os aspectos que deberán someterse á consideración da cidadanía durante o trámite de participación pública.

**Terceiro.-** Unha vez incorporada ao expediente a documentación correspondente a esta fase inicial da tramitación, procede elevar á Xunta de Goberno Local a proposta de apertura da consulta pública previa, como actuación preparatoria para a posterior elaboración do proxecto de ordenanza municipal.

## MARCO NORMATIVO E ESTRATÉXICO DE REFERENCIA

Resultan de aplicación ao presente expediente, entre outras, as seguintes disposicións:

### 1. Normativa internacional e europea

- O Convenio das Nacións Unidas para a Represión da Trata de Persoas e da Explotación da Prostitución Allea, do 2 de decembro de 1949.
- A Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia Organizada Transnacional, do 15 de novembro de 2000 (Convención de Palermo) complementada polo Protocolo para previr, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nenos e nenas (Protocolo de Palermo).
- O Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos, do 16 de maio de 2005 (Convenio de Varsovia).
- O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, do 11 de maio de 2011 (Convenio de Istambul).
- A Resolución do Parlamento Europeo do 2 de febreiro de 2006 sobre a situación actual na loita contra a violencia exercida contra as mulleres e futuras accións.
- A Resolución 61/144 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, sobre a trata de mulleres e nenas, aprobada o 19 de decembro de 2006 e publicada o 1 de febreiro de 2007.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### 2. Normativa constitucional

- A Constitución española, especialmente os artigos 9.2, 14, 103 e 137.

### 3. Normativa básica estatal de réxime local e procedemento administrativo

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- O Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, naquilo que resulte de aplicación.
- A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, no seu artigo 1.3, establece que *“as Corporacións Locais participarán no mantemento da seguridade pública nos termos establecidos na Lei reguladora das bases do réxime local e no marco desta lei”*, xunto co artigo 53 da mesma Lei, que dispón que os Corpos da Policía Local deberán exercer funcións de Policía Administrativa *“no relativo ás Ordenanzas, Bandos e demais disposicións dentro do ámbito da súa competencia”*.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular os artigos 128, 129 e 133.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece os principios de transparencia na actuación das administracións públicas e garante o dereito de acceso á información pública.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, que reforza no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia os principios de publicidade activa, transparencia e participación cidadá na actuación das administracións públicas.

### 4. Normativa estatal en materia de igualdade, violencia de xénero e liberdade sexual

- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que impón aos poderes públicos a adopción de medidas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.
- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- A Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, cuxo artigo 3 considera a trata con fins de explotación sexual unha forma de violencia sexual e cuxo artigo 35 insta ás administracións públicas a promover o dereito á asistencia integral especializada e accesible mediante a dispoñibilidade dos servizos de recuperación integral e servizos de atención a vítimas de trata e explotación sexual.
- A Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, que recoñece ás vítimas os dereitos de información, protección, apoio, asistencia e participación, con especial atención ás vítimas especialmente vulnerables, e o Real decreto 1109/2015, do 11 de decembro, polo que se desenvolve a citada lei.

### 5. Normativa autonómica

- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

S.ord. 24/07/2026



- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na súa redacción vixente, recoñece no seu artigo 3 a violencia sexual, a trata con fins de explotación sexual e a explotación sexual como formas de violencia de xénero.

## 6. Instrumentos estratéxicos

- As conclusións da Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades do Congreso das Deputadas e Deputados e do Senado, aprobadas o 13 de marzo de 2007, derivadas do Informe da Ponencia sobre a situación actual da prostitución no noso país, nas que se recomenda impulsar políticas públicas orientadas á prevención da explotación sexual, á protección integral das mulleres en situación de prostitución e á loita contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.
- O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o 28 de setembro de 2017 e renovado o 26 de febreiro de 2025, que establece no seu eixo 2 a medida 144: *Garantizar el enfoque interseccional en cualquier política, medida y respuesta institucional que se adopte para combatir la violencia contra las mujeres en todas sus formas, teniendo en cuenta las diferentes vulnerabilidades y circunstancias de las víctimas: (entre otras) mujeres en contextos de prostitución; de forma que se garantice su pleno acceso y ejercicio efectivo de derechos. Implementar o adaptar los recursos especializados a las necesidades y condiciones de dichas mujeres, para hacerlos plenamente accesibles e inclusivos para ellas (...).* Medida 345: *Garantizar que las mujeres en contextos de prostitución reciban información sobre violencia contra las mujeres y sobre los recursos existentes que les faciliten alternativas a la prostitución.*
- O V Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da cidade de Vigo 2026-2030, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 6 de febreiro de 2026 e ratificado polo Pleno da Corporación Municipal o 23 de febreiro de 2026, que incorpora a liña de traballo **"Cidade abolicionista da prostitución"**, na que destacan, entre outros, os seguintes obxectivos e medidas:
  - Obxectivo 36: *Reforzar a intervención social para evitar a explotación sexual ou unha situación de prostitución.*
  - Obxectivo 56: *Impulsar un Plan contra a Trata e a Explotación Sexual e pola Abolición da Prostitución.*
  - Medida 5.24: *Priorizar o acceso das mulleres en situación ou risco de explotación sexual nos programas de apoio social, co fin de previr a exclusión, a soidade e a falta de atención como factores de risco da explotación sexual.*
  - Medida 8.22: *Impulsar un Plan contra a Trata e a Explotación Sexual pola Abolición da Prostitución que, entre outras accións, contemplará as seguintes medidas: Desenvolver accións para a atención integral a mulleres prostituídas e outras formas de explotación sexual.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

#### **Primeira.- Potestade regulamentaria e procedemento de elaboración da ordenanza.**

O artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 6.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, atribúen a potestade regulamentaria aos municipios. Por outra banda, o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas recoñece a potestade regulamentaria aos órganos de goberno locais.

En consecuencia, a iniciativa para a elaboración da Ordenanza municipal abolicionista da prostitución e contra todo tipo de explotación sexual desenvólvese no exercicio da potestade regulamentaria que o ordenamento xurídico atribúe ao Concello de Vigo para a regulación das materias comprendidas dentro das súas competencias propias.

#### **Segunda.- Necesidade e oportunidade da iniciativa normativa.**

A realidade da prostitución e das distintas formas de explotación sexual constitúe un fenómeno complexo estreitamente vinculado ás desigualdades estruturais entre mulleres e homes, ás situacións de vulnerabilidade social e económica e á existencia dunha demanda sostida de servizos sexuais.

Así mesmo, aparece frecuentemente asociada a situacións de pobreza, exclusión social, precariedade laboral, desigualdade de xénero, procesos migratorios e outras circunstancias de especial vulnerabilidade, así como á trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a outras manifestacións de violencia exercida contra as mulleres.

Desde unha perspectiva de dereitos humanos e de igualdade efectiva entre mulleres e homes, diferentes organismos nacionais e internacionais teñen posto de manifesto a necesidade de impulsar políticas públicas dirixidas á prevención da explotación sexual, á protección das persoas en situación de prostitución e á actuación sobre os factores estruturais que favorecen a súa persistencia.

Neste contexto, as entidades locais, pola súa proximidade á cidadanía e polo exercicio das súas competencias en materia de igualdade, servizos sociais, convivencia cidadá, seguridade e utilización do espazo público, poden desenvolver actuacións orientadas á prevención das situacións de explotación sexual, á protección das persoas en situación de vulnerabilidade, á sensibilización social e á coordinación das políticas municipais nesta materia.

En consecuencia, considérase oportuno dotar ao Concello de Vigo dun instrumento regulamentario que estableza un marco municipal de actuación fronte á prostitución e contra todo tipo de explotación sexual dentro do ámbito das competencias municipais, permitindo orientar e coordinar a actuación dos distintos servizos municipais e desenvolver as políticas públicas correspondentes de maneira estable, coherente e conforme ao ordenamento xurídico.

S.ord. 24/07/2026



### **Terceira.- Obxecto da iniciativa normativa e adecuación aos principios de boa regulación.**

A futura Ordenanza municipal abolicionista da prostitución e contra todo tipo de explotación sexual para o Concello de Vigo ten por finalidade establecer un marco municipal de actuación fronte á prostitución e outras formas de explotación sexual, dentro do ámbito das competencias propias da entidade local, orientado á promoción dunha sociedade máis igualitaria e libre de violencia contra as mulleres, mediante a adopción de medidas orientadas á prevención da explotación sexual, á sensibilización social, á protección das persoas en situación de prostitución e á promoción de políticas municipais de sensibilización, información, coordinación institucional e intervención social.

O fin último é promover, dentro do ámbito das competencias municipais, a erradicación da prostitución e outras formas de explotación sexual no municipio de Vigo co obxectivo de protexer os dereitos das vítimas do sistema prostitucional.

A iniciativa normativa pretende dotar o Concello de Vigo dun instrumento regulamentario que permita ordenar e coordinar a actuación municipal nesta materia, facilitando o exercicio das competencias municipais de acordo co marco constitucional, legal e competencial vixente, sen invadir as competencias atribuídas ás restantes administracións públicas.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a iniciativa normativa adecúase aos principios de boa regulación polos seguintes motivos:

#### **a) Principio de necesidade e eficacia.**

A regulación proxectada responde á necesidade de establecer un marco municipal de actuación fronte á prostitución e outras formas de explotación sexual no exercicio das competencias municipais, configurándose a aprobación dunha ordenanza como o instrumento máis adecuado para alcanzar a finalidade perseguida.

#### **b) Principio de proporcionalidade.**

A futura ordenanza limitarase a regular aquelas actuacións comprendidas dentro do ámbito competencial do Concello de Vigo, incorporando exclusivamente aquelas medidas que resulten necesarias para a consecución dos seus obxectivos.

#### **c) Principio de seguridade xurídica.**

A iniciativa intégrase de maneira coherente no conxunto do ordenamento xurídico, respectando o sistema de distribución competencial entre as distintas administracións públicas e garantindo a súa compatibilidade coa normativa estatal, autonómica e internacional aplicable.

Así mesmo, a futura ordenanza contribuirá a dotar de maior claridade, estabilidade e previsibilidade a actuación municipal nesta materia.

#### **d) Principio de transparencia.**

A iniciativa normativa sométese á consulta pública previa prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, posibilitando a participación da cidadanía e das organizacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen as persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran afectadas pola futura norma e cuxos fines garden relación directa co seu obxecto.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

Posteriormente, observaranse igualmente os restantes trámites de publicidade e participación cidadá legalmente previstos durante a tramitación da disposición de carácter xeral.

### **e) Principio de eficiencia.**

A regulación proxectada pretende favorecer unha actuación coordinada dos distintos servizos municipais, sen introducir cargas administrativas innecesarias nin obrigas accesorias alleas aos fins de interese xeral perseguidos pola iniciativa normativa.

### **Cuarta.- Consulta pública previa.**

O artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establece que, con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, deberá realizarse unha consulta pública a través do portal web da Administración competente, coa finalidade de recoller a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da futura norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Este trámite constitúe unha manifestación do principio de transparencia no exercicio da potestade regulamentaria e ten por finalidade favorecer a participación cidadá desde o inicio do procedemento de elaboración da disposición de carácter xeral.

En consecuencia, procede acordar a apertura do correspondente trámite de consulta pública previa mediante a publicación da documentación na sede electrónica municipal, durante o prazo legalmente establecido, para que a cidadanía e as organizacións potencialmente afectadas poidan formular as observacións e achegas que consideren oportunas.

### **Quinta.- Competencia.**

De conformidade co disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos no ámbito dos municipios de gran poboación. Así mesmo, en aplicación do réxime organizativo municipal vixente, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**“Primeiro.-** Aprobar a apertura do trámite de consulta pública previa para a elaboración da Ordenanza municipal abolicionista da prostitución e contra todo tipo de explotación sexual para o Concello de Vigo, previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, mediante a súa publicación no enderezo <https://consulta.vigo.org> durante un prazo de vinte (20) días hábiles, co fin de que a cidadanía e as organizacións e asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos recollidos no Anexo I que acompaña o presente acordo.

**Segundo.-** Trasladar o presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a apertura do correspondente trámite de consulta pública previa na sede electrónica municipal.

S.ord. 24/07/2026



**Terceiro.-** Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal, na intranet corporativa e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo”.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO I**

**CONSULTA PÚBLICA PREVIA PARA A ELABORACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL ABOLICIONISTA DA PROSTITUCIÓN E CONTRA TODO TIPO DE EXPLOTACIÓN SEXUAL PARA O CONCELLO DE VIGO**

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sométese a consulta pública previa á iniciativa para a elaboración da Ordenanza municipal abolicionista da prostitución e contra todo tipo de explotación sexual para o Concello de Vigo, co fin de recoller a opinión da cidadanía e das asociacións e organizacións interesadas respecto dos seguintes aspectos:

|                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|-----------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Problemas que se pretenden solucionar coa normativa | <p>A realidade da prostitución e das distintas formas de explotación sexual constitúe un fenómeno complexo estreitamente vinculado ás desigualdades estruturais entre mulleres e homes, ás situacións de vulnerabilidade social e económica e á existencia dunha demanda sostida de servizos sexuais.</p> <p>Así mesmo, aparece frecuentemente asociada a situacións de pobreza, exclusión social, precariedade laboral, desigualdade de xénero, procesos migratorios e outras circunstancias de especial vulnerabilidade, así como á trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a outras manifestacións da violencia exercida contra as mulleres.</p> <p>Desde unha perspectiva de dereitos humanos e de igualdade efectiva entre mulleres e homes, diferentes organismos nacionais e internacionais manifestan a necesidade de impulsar políticas públicas dirixidas á prevención da explotación sexual, á protección das persoas en situación de prostitución e á actuación sobre os factores estruturais que favorecen a súa persistencia.</p> <p>A futura ordenanza persegue promover a erradicación da prostitución e doutras formas de explotación sexual no municipio de Vigo co obxectivo de protexer os dereitos das vítimas do sistema prostitucional, sen prexuízo das competencias estatais e autonómicas na materia.</p> <p>Consideraranse vítimas todas as mulleres en situación de prostitución, orientando a intervención municipal á defensa dos seus dereitos e á</p> |
|-----------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

|                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|---------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                             | <p>súa protección integral. A futura ordenanza situará a demanda como un dos factores determinantes da existencia da prostitución e establecerá medidas que transcendan o ámbito sancionador, incorporando un enfoque integral e inclusivo que garanta a defensa e a protección de todas as mulleres en situación de prostitución.</p> <p>Establecerase un sistema sancionador identificando as condutas susceptibles de infracción administrativa, como son a demanda, o favorecemento, a promoción ou a facilitación da prostitución e doutras formas de explotación sexual.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| Necesidade e oportunidade da súa aprobación | <p>As entidades locais desempeñan un papel fundamental na promoción da igualdade entre mulleres e homes, na prevención da violencia de xénero e na protección dos dereitos humanos no ámbito da convivencia cidadá.</p> <p>Os municipios, no exercicio das súas competencias en materia de convivencia cidadá, igualdade, servizos sociais, seguridade e uso do espazo público, poden adoptar medidas destinadas a:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Previr situacións de explotación sexual</li><li>• Protexer ás persoas en situación de vulnerabilidade</li><li>• Promover políticas de sensibilización e concienciación social</li><li>• Actuar fronte ás dinámicas que favorecen a mercantilización do corpo das mulleres</li></ul> <p>Neste contexto, a futura ordenanza ten por finalidade contribuír, desde o ámbito municipal, á promoción dunha sociedade máis igualitaria e libre de violencia contra as mulleres, mediante a adopción de medidas orientadas á prevención da explotación sexual, á sensibilización social e á protección das persoas en situación de prostitución.</p> <p>Considérase necesario dotar o Concello de Vigo dunha ordenanza que estableza un marco estable de actuación municipal fronte á prostitución e contra todo tipo de explotación sexual, dentro do ámbito das competencias propias da entidade local e sen prexuízo das que correspondan a outras administracións públicas, permitindo desenvolver de maneira coordinada as actuacións municipais nesta materia e reforzar as políticas públicas de igualdade entre mulleres e homes, prevención da explotación sexual, sensibilización social, protección das vítimas e colaboración interadministrativa.</p> |

S.ord. 24/07/2026



|                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|---------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos da norma | <p>A futura ordenanza terá como obxectivos principais:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Promover a erradicación da prostitución e outras formas de explotación sexual no municipio de Vigo e protexer os dereitos das mulleres vítimas do sistema prostitucional.</li><li>• Concienciar a sociedade de que a prostitución é unha das formas máis extremas de violencia machista, que constitúe unha violación dos dereitos humanos das mulleres e que é expresión da desigualdade existente entre mulleres e homes.</li><li>• Impulsar políticas públicas municipais dirixidas á abolición do sistema prostitucional, aprobando, ademais, un <i>Plan Municipal contra a Trata e a Explotación Sexual e pola Abolición da Prostitución</i> que desenvolva as medidas e actuacións recollidas nesta ordenanza.</li><li>• Promover a colaboración e a participación das entidades, asociacións e organizacións que, desde a sociedade civil, actúan para a abolición da prostitución.</li><li>• Fomentar a especialización das e dos profesionais municipais que interveñen no proceso de información e atención ás mulleres.</li><li>• Articular medidas encamiñadas á reparación integral das mulleres prostituídas e superviventes da prostitución ou doutras formas de explotación sexual.</li><li>• Coordinar os recursos e instrumentos municipais para asegurar a sanción adecuada a quen participa directa ou indirectamente na explotación sexual das mulleres.</li><li>• Establecer un réxime sancionador identificando as condutas susceptibles de infracción administrativa, e as sancións correspondentes, como son a demanda, o favorecemento, a promoción ou a facilitación da prostitución e doutras formas de explotación sexual, no que, en ningún caso, nin de forma directa nin indirecta poderá ser sancionada a vítima da prostitución ou de calquera outra forma de explotación sexual.</li></ul> |
|---------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

|                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias | Considérase que a consecución dos obxectivos perseguidos require a aprobación dunha disposición de carácter xeral que estableza un marco estable para a actuación municipal nesta materia.<br><br>As actuacións non regulamentarias desenvolvidas ata o momento, aínda sendo necesarias e complementarias, non resultan suficientes para dotar de seguridade xurídica, coherencia e estabilidade o conxunto das actuacións municipais relacionadas coa prevención da prostitución e da explotación sexual, polo que se considera que a elaboración da ordenanza constitúe o instrumento máis adecuado para alcanzar os fins perseguidos. |
|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

### 14(640).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR: ANO 2026 (2º). EXPTE. 103101/140.

Visto o informe de fiscalización de data 14/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 15/07/2026, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización e pola interventora adxunta e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2026.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

| Habilitado             | Nºpagamento     | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificac. | Data legal de xustificación | Reintegr o | S/ a favor |
|------------------------|-----------------|-------------------------|-----------------|---------------------|-------------------|-----------------------|-----------------------------|------------|------------|
| Abalde Comesaña Raquel | 120260000 28691 | 9120.2269900            | 1.000,00        | 1.010,42            | 24/03/26          | 11/06/26              | 24/06/26                    | ----       | 10,42      |
| Abalde Comesaña Raquel | 120260000 38242 | 9120.2310000            | 300,00          | 456,36              | 15/04/26          | 14/05/26              | 15/07/26                    | ----       | 156,36     |
| Carballo Acuña Alberto | 120260000 38243 | 1320.2230000            | 1.500,00        | 45,47               | 15/04/26          | 18/06/26              | 15/07/26                    | 1.454,53   | ---        |
| Carballo Acuña Alberto | 120260000 38244 | 1320.2120000            | 1.000,00        | ----                | 15/04/26          | 18/06/26              | 15/07/26                    | 1.000,00   | ---        |
| Carballo Acuña Alberto | 120260000 38283 | 1320.2200000            | 300,00          | 77,61               | 15/04/26          | 18/06/26              | 15/07/26                    | 222,39     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto | 120260000 38284 | 1320.2312000            | 200,00          | 70,70               | 15/04/26          | 15/06/26              | 15/07/26                    | 129,30     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto | 120260000 38285 | 1320.2269900            | 1.000,00        | 172,74              | 15/04/26          | 30/06/26              | 15/07/26                    | 827,26     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto | 120260000 38286 | 1320.2190000            | 1.000,00        | 10,04               | 15/04/26          | 29/06/26              | 15/07/26                    | 989,96     | ---        |

S.ord. 24/07/2026



|                                      |                |              |            |            |          |          |          |           |        |
|--------------------------------------|----------------|--------------|------------|------------|----------|----------|----------|-----------|--------|
| Carballo Acuña Alberto               | 12026000038287 | 1320.2219900 | 1.000,00   | 152,57     | 15/04/26 | 29/06/26 | 15/07/26 | 847,43    | ---    |
| Carballo Acuña Alberto               | 12026000038380 | 1320.2250200 | 3.000,00   | 62,21      | 16/04/26 | 18/06/26 | 16/07/26 | 2.937,79  | ---    |
| Carballo Acuña Alberto               | 12026000038381 | 1320.2140000 | 1.000,00   | 628,67     | 16/04/26 | 18/06/26 | 16/07/26 | 371,33    | ---    |
| Couce Senra Óscar                    | 12026000023227 | 1532.2260400 | 3.000,00   | 1.170,22   | 12/03/26 | 22/04/26 | 12/06/26 | 1.829,78  | ---    |
| García Álvarez Luis                  | 12026000014553 | 9200.2219902 | 500,00     | 2,15       | 28/02/26 | 05/06/26 | 28/05/26 | 497,85    | ---    |
| Núñez-Torrón López Jesús             | 12026000000905 | 2310.4800000 | 300.000,00 | 261.640,59 | 12/01/26 | 20/05/26 | 12/04/26 | 38.359,41 | ---    |
| Vieites Alén M. <sup>a</sup> Dolores | 12026000053306 | 9320.1620000 | 350,00     | 350,00     | 12/05/26 | 29/05/26 | 11/08/26 | ---       | ---    |
| Vieites Alén M. <sup>a</sup> Dolores | 12026000053518 | 9320.2302000 | 103,37     | 103,37     | 12/05/26 | 29/05/26 | 11/08/26 | ---       | ---    |
| Vieites Alén M. <sup>a</sup> Dolores | 12026000053519 | 9320.2312000 | 150,00     | 61,00      | 12/05/26 | 29/05/26 | 12/08/26 | 89,00     | ---    |
| <b>TOTAL</b>                         |                |              | 315.403,37 | 266.014,12 |          |          |          | 49.556,03 | 166,78 |

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

| Alcance da fiscalización                                                                                                                                                       | Si | Non |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-----|
| Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 12026000014553 de García Álvarez Luis e 12026000000905 de Núñez-Torrón López Jesús.            | ✓  |     |
| A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración. | ✓  |     |
| Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.                                                                                     | ✓  |     |
| Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.                        | ✓  |     |
| Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.                                                                                               | ✓  |     |

Resultado da fiscalización

| De conformidade | Con observacións                                                                                                                                                          | De disconformidade |
|-----------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| ✓               | As ordes de pago a xustificar n.º 12026000014553 de García Álvarez Luis e 12026000000905 de Núñez-Torrón López Jesús non se rendiron no prazo normativamente establecido. |                    |





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### PROPOSTA

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2026 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a aprobación das seguintes:

| Habilitado               | Nºpagamento     | Aplicación orzamentaria | Importe librado | Importe xustificado | Data de pagamento | Data Real xustificac. | Data legal de xustificación | Reintegr o | S/ a favor |
|--------------------------|-----------------|-------------------------|-----------------|---------------------|-------------------|-----------------------|-----------------------------|------------|------------|
| Abalde Comesaña Raquel   | 12026000 028691 | 9120.2269900            | 1.000,00        | 1.010,42            | 24/03/26          | 11/06/26              | 24/06/26                    | ----       | 10,42      |
| Abalde Comesaña Raquel   | 12026000 038242 | 9120.2310000            | 300,00          | 456,36              | 15/04/26          | 14/05/26              | 15/07/26                    | ----       | 156,36     |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038243 | 1320.2230000            | 1.500,00        | 45,47               | 15/04/26          | 18/06/26              | 15/07/26                    | 1.454,53   | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038244 | 1320.2120000            | 1.000,00        | ----                | 15/04/26          | 18/06/26              | 15/07/26                    | 1.000,00   | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038283 | 1320.2200000            | 300,00          | 77,61               | 15/04/26          | 18/06/26              | 15/07/26                    | 222,39     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038284 | 1320.2312000            | 200,00          | 70,70               | 15/04/26          | 15/06/26              | 15/07/26                    | 129,30     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038285 | 1320.2269900            | 1.000,00        | 172,74              | 15/04/26          | 30/06/26              | 15/07/26                    | 827,26     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038286 | 1320.2190000            | 1.000,00        | 10,04               | 15/04/26          | 29/06/26              | 15/07/26                    | 989,96     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038287 | 1320.2219900            | 1.000,00        | 152,57              | 15/04/26          | 29/06/26              | 15/07/26                    | 847,43     | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038380 | 1320.2250200            | 3.000,00        | 62,21               | 16/04/26          | 18/06/26              | 16/07/26                    | 2.937,79   | ---        |
| Carballo Acuña Alberto   | 12026000 038381 | 1320.2140000            | 1.000,00        | 628,67              | 16/04/26          | 18/06/26              | 16/07/26                    | 371,33     | ---        |
| Couce Óscar              | 12026000 023227 | 1532.2260400            | 3.000,00        | 1.170,22            | 12/03/26          | 22/04/26              | 12/06/26                    | 1.829,78   | ---        |
| García Álvarez Luis      | 12026000 014553 | 9200.2219902            | 500,00          | 2,15                | 28/02/26          | 05/06/26              | 28/05/26                    | 497,85     | ---        |
| Núñez-Torrón López Jesús | 12026000 000905 | 2310.4800000            | 300.000,00      | 261.640,59          | 12/01/26          | 20/05/26              | 12/04/26                    | 38.359,41  | ---        |
| Vieites Alén M.ª Dolores | 12026000 053306 | 9320.1620000            | 350,00          | 350,00              | 12/05/26          | 29/05/26              | 11/08/26                    | ----       | ---        |
| Vieites Alén M.ª Dolores | 12026000 053518 | 9320.2302000            | 103,37          | 103,37              | 12/05/26          | 29/05/26              | 11/08/26                    | ----       | ---        |
| Vieites Alén M.ª Dolores | 12026000 053519 | 9320.2312000            | 150,00          | 61,00               | 12/05/26          | 29/05/26              | 12/08/26                    | 89,00      | ---        |
| <b>TOTAL</b>             |                 |                         | 315.403,37      | 266.014,12          |                   |                       |                             | 49.556,03  | 166,78     |

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 24/07/2026



**15(641).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE “MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1ª FASE”. EXPTE. 2601/441.**

Sométese a aprobación o Informe proposta de data 16/07/2026, asinado polo técnico de Administración Xeral e o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2025, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2030, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado segundo, recóllese a execución dun plan de investimentos por un importe máximo de 41.723.704,74 euros, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento e cadro de prazos das unidades de obra acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021 e 10.04.26), e o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 04.12.2025.

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 3 de xullo de 2026 acordou:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de “**MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159)**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dña. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación sen IVE de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL DOUS CENTOS TRINTA E CINCO EUROS con SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.855.235,66 €), e asinado dixitalmente o día 18 de xuño de 2026..

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159)**” por un importe de 99.764,74 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

| TRABALLO              | COLABORADOR  | HONORARIOS  |
|-----------------------|--------------|-------------|
| Redacción de proxecto | GALAICONTROL | 46.218,55 € |





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

|                                    |                       |             |
|------------------------------------|-----------------------|-------------|
| Asistencia técnica á D.O.          | GALAICONTROL          | 31.180,43 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | OSCAR PEREIRO TAIBO   | 7.795,11 €  |
|                                    | SUMA                  | 85.194,09 € |
|                                    | 11% Gastos de Xestión | 9.371,35 €  |
| Estudos xeotécnicos                | GALAICONTROL          | 5.199,30 €  |
|                                    | TOTAL (IVE excluído)  | 99.764,74 € |

**Terceiro.-** Nomear como directores de obra a D. Juan Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos.

**IV.-** Con data 8 de xullo de 2026 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Exp 2601/441
- Nome e razón social do adxudicatario: TRATAMIENTO INDUSTRIAL DEL AGUA, S.A.
- NIF: A28525723
- Orzamento de execución material: 1.559.021,57 €
- Orzamento de contrata: 1.855.235,66 € (antes de IVA)
- Prazo de execución: 9 meses
- Data de inicio da obra: ao día seguinte da sinatura da acta de replanteo.
- Clasificación do contratista:
  - ☞ Grupo E, subgrupo 1, categoría 4.
  - ☞ Grupo G, subgrupo 6, categoría 3.
- Prazo de garantía: 2 anos
- Asistencia técnica: GALAICONTROL, S.L.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: OSCAR PEREIRO TAIBO

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

S.ord. 24/07/2026



**II.-** Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo, e foi modificado po acordo de XGL de 10.04.26). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

**III.-** Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

**IV.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a terceira prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**MELLORA DAS REDES DE SERVIZOS NA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ 1º FASE (TRAMO ENTRE Nº 75 E Nº 159)**” cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021 e XGL de 10.04.26) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Exp 2601/441
- Nome e razón social do adxudicatario: TRATAMIENTO INDUSTRIAL DEL AGUA, S.A.
- NIF: A28525723
- Orzamento de execución material: 1.559.021,57 €





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

- Orzamento de contrata: 1.855.235,66 € (antes de IVA)
- Prazo de execución: 9 meses
- Data de inicio da obra: ao día seguinte da sinatura da acta de replanteo.
- Clasificación do contratista:
  - ☞ Grupo E, subgrupo 1, categoría 4.
  - ☞ Grupo G, subgrupo 6, categoría 3.
- Prazo de garantía: 2 anos
- Asistencia técnica: GALAICONTROL, S.L.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: COSCAR PEREIRO TAIBO

**SEGUNDO-** Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(642).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN “REFORZO ESTRUCTURAL E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA PRAZA DO REI”. EXPTE. 6768/443.**

Sométese a aprobación o Informe proposta de data 20/07/2026, asinado pola técnica de xestión, polo técnico de Administración Xeral e polo xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos o día 21.06.2024 resolveu autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción do proxecto de referencia, a favor do arquitecto Javier Couto Granja.

II.- O dito arquitecto presenta trala fase de supervisión, o proxecto básico e de execución “REFORZO ESTRUCTURAL E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA PRAZA DO REI”, redactado polo Arquitecto D. Javier Couto Granja, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATRO MILLÓNS CATROCENTOS CORENTA E UN MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINTO EUROS con CINCO CÉNTIMOS (4.441.565,05 €).

S.ord. 24/07/2026



**III.-** O xefe da Área de Servizos Xerais o día 19.11.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 20.11.2025, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** O ámbito de actuación é a praza do Rei do concello de Vigo na provincia de Pontevedra.

O presente proxecto xurde da necesidade de actualizar e reparar a Praza do Rei, unha das principais prazas da zona centro da cidade, onde se atopa o edificio do concello.

As actuacións previstas no proxecto comprenden resumidamente en:

- Nun reforzo estrutural que consiste na execución dunha nova capa de compresión armada, unida mediante conectores ao forxado existente; unha vez derrubado o actual pavimento e retirada a impermeabilización en mal estado da praza.
- Sobre a capa de reforzo estrutural, executarase unha nova impermeabilización prioritariamente de membrana de poliuretano en frío (para garantir a máxima durabilidade dada a importancia deste espazo público), e sobre ela un novo pavimento.
- Formúlase o emprego dun pavimento de formigón armado con árido seleccionado e alta resistencia mecánica, desbastado con disco ata deixar o árido á vista.
- Entre este pavimento, disporanse unha serie de triángulos de diferente acabado: pavimento de pedra aglomerada (ou formigón polimérico), de cor branca, e 6 cm de espesor, apta para o seu pulido conxunto co formigón.
- O despece de todos os pavimentos de formigón, para evitar fisuras por retraccións, e para permitir a execución por fases, realizarase mediante perfís separadores de aceiro inoxidable, de xeito que o desbastado se poda facer conxuntamente sobre perfil e formigón.
- Tamén disporase dunha nova iluminación e novo mobiliario urbán.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de VINTE E DOUS (22) MESES.

**IV.-** A enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite o día 17.07.2026 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

07/07/2025 e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

Asinado dixitalmente o día 5 de maio de 2026 o xefe de Licenzas emite informe urbanístico, favorable a compatibilidade do proxecto respecto da protección cultural das edificacións catalogadas e dos seus entornos.

Asinado dixitalmente o día 10 de xuño de 2026 o Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude resolveu autorizar o proxecto de sondaxes e control arqueolóxicos nas obras do proxecto de referencia.

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), as obras que se propoñen non aumentan a altura total máxima existente na actualidade, como pode verse na Memoria e nos Planos do proxecto, en consecuencia, enténdese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno.

As actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

S.ord. 24/07/2026



II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución **“REFORZO ESTRUCTURAL E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA PRAZA DO REI”**, redactado polo arquitecto Javier Couto Granja, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATRO MILLÓNS CATROCIENTOS CORENTA E UN MIL CINCOCENTOS SESENTA E CINTO EUROS con CINCO CÉNTIMOS (4.441.565,05 €) e asinado dixitalmente o día 14 de xullo de 2026.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### **17(643).- BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS E CONGRESOS RELACIONADOS CO TURISMO MICE DE INTERESE TURISTICO NO ANO 2026. EXPTE. 9100/104.**

Visto o informe xurídico de data 14/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/07/2026, asinado pola xefa de Turismo e conformado pola concelleira delegada, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Vigo estase a converter nun referente turístico nacional. O turismo na cidade é unha das actividades económicas mais destacables xa que ten un gran compoñente de transversalidade por cando inflúe e depende ao mesmo tempo doutros sectores económicos, así como contribúe a preservación do noso medio natural, atractivos culturais, etnográficos, etc...

O destino Vigo, debe consolidar o desenvolvemento de novos produtos e tipoloxías turísticas que permitan crecementos de mercados emisores e a desestacionalización da demanda, ademais de favorecer o gasto medio por turista. Incidir, por iso, na promoción de Vigo como destino fora da tempada alta co obxectivo de combater a estacionalidade, e facer un destino atractivo todo o ano, é de grande relevancia para o sector.

Concretamente o Turismo MICE é un potente motor de desenvolvemento dos destinos turísticos e importante xerador de ingresos, emprego e de inversión.

O Turismo de Reunións, convencionalmente coñecido polas siglas inglesas MICE (Meetings, Incentives, Conferences & Exhibitions), manifestou un crecemento prolongado ao longo dos últimos anos, producindo evidentes impactos positivos nos destinos turísticos que conseguiron posicionarse neste segmento.

A esta tipoloxía de turismo fóronlle atribuídas numerosas características positivas e beneficios para os destinos, non só dende unha perspectiva económica, senón tamén dende unha perspectiva que engloba a todos os ámbitos de maneira transversal: social, cultural, ambiental, innovación, tecnolóxico, etcétera. Entre outros beneficios destacan a súa capacidade para desestacionalizar a afluencia turística, o maior gasto medio dos participantes en comparación con outras tipoloxías de turismo, o papel do turista de negocios como prescriptor do destino, a contribución á promoción dos destinos turísticos, así como o seu efecto dinamizador da economía, potenciando a aparición e especialización de empresas nesta industria.

O obxectivo principal desta subvención consiste en reposicionar a cidade turisticamente onde prime a desestacionalización da afluencia turística para conseguir un turismo constante ao longo do ano.

Os obxectivos xerais desta subvención responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

S.ord. 24/07/2026



- Contribuir á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do turismo en beneficio do desenvolvemento de eventos e congresos relacionados co Turismo MICE con especial interese turístico no ámbito local, a través do apoio, difusión e axudas a persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas, con ánimo de lucro . Os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 “SUBVENCÍONS EVENTOS E ACTIVIDADES, PATROCINIOS”, un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos MICE da cidade de Vigo, que favorezan á promoción do turismo, sendo de vital importancia o afianzamento do turismo de congresos, xa que este sector turístico favorece a desestacionalización turística, xerando un turismo estable ao longo de todo o ano.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos relacionados co Turismo MICE con especial interese turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

En canto á xustificación da subvención, será o 1 de novembro de 2026.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

### PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a organización de eventos e congresos relacionados co Turismo MICE con fines de interese turística no ámbito local, no ano 2026 e súa convocatoria.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 90.000,00€ (noventa mil euros) con cargo á partida orzamentaria 4320.47000000 "SUBVENCIONES EVENTOS E ACTIVIDADES, PATROCINIOS"

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 24/07/2026



## **CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS RELACIONADOS CO TURISMO MICE, DE INTERESE TURÍSTICA NO ANO 2026.**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver eventos e congresos relacionados co Turismo MICE (“Meeting, Incentives, Conferencing y Exhibitions”) con especial interés turístico no ámbito local, de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), segundo a cal, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

En relación cos eventos encamiñados ó fomento e promoción do Turismo MICE en beneficio do desenvolvemento turístico local, a través do apoio, difusión e axudas ás persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas con ánimo de lucro da cidade de Vigo, que desenvolvan eventos e congresos MICE con interese turística, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan, na partida orzamentaria 4320.4700000 “SUBVENCÍONS EVENTOS E ACTIVIDADE, PATROCINIOS”, un crédito por un importe total de 90.000,00€ (noventa mil euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos MICE, con fines de interese turística da cidade de Vigo.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

As bases reguladoras se integran no Plan estratéxico de subvencións 2024-2026 aprobado en data 8 de marzo de 2024 e teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos relacionados co Turismo MICE (“Meeting, Incentives, Conferencing y Exhibitions”) con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2026.

### **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no período entre o 1 de xaneiro e ata o 1 de outubro de 2026, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable. En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros), con cargo á partida orzamentaria 4320.4700000 "SUBVENCIONS, EVENTOS E ACTIVIDADE, PATROCINIOS" da Concellería de Turismo, destina a colaborar no financiamento de eventos e congresos MICE no ámbito local con fines de interese turística. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

### CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Non serán obxecto de subvención, nin tidas en conta á hora de cuantificar os custes derivados da organización da actividade, aqueles eventos e congresos MICE que de maneira directa ou indirecta, sexan sufragados total ou parcialmente, mediante calquera outro concepto orzamentario deste Concello de Vigo.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o seu evento ou congreso relacionado co Turismo MICE ("Meeting, Incentives, Conferencing y Exhibitions"), con ánimo de lucro, na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Os eventos e congresos relacionados co Turismo MICE, de interese turístico deberán ter unha antigüidade mínima de XV edicións (en Vigo).

3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4. Os solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das:

a) Obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas ou sancións de natureza tributaria municipal.

S.ord. 24/07/2026



b) Obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A estes efectos a solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instructor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

Non obstante, as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.

De conformidade co Regulamento (UE) 2023/2831, do 13 de decembro do 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 2831, do 15 de decembro de 2023), poderán solicitar estas axudas cando se trate de axudas compatibles con outras dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, sen superar en todo caso o límite de 300.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Realizar o evento ou congreso subvencionado consonte co proxecto presentado, deixando constancia do financiamento municipal coa inclusión da imaxe corporativa oficial a través links, baners, distintas insercións publicitarias, etc...
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- c) Empregar a lingua galega, castelán ou aquela lingua que corresponda ao país de promoción da realización das actividades subvencionadas.
- d) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada en calquera actividade ou evento relacionado coa entidade.
- e) Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- f) En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que visualice a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN. (55 puntos)

#### 1.-VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.

As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

##### 1.1.- Capacidade de comercialización do proxecto turístico.

Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.

##### 1.2.- Accións de promoción.

Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- **Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...).** Valorarase ata máximo 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 9 puntos.
  - Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.
- **Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...).** Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
  - Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
  - Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 4 puntos.
  - Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.
- **Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).** Valorarase con ata 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 9 puntos.
  - Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

##### 1.3.- Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.

Valorarase con ata 10 puntos.

- Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
- Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
- Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
- Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

##### 1.4.- Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico.

Valorarase con ata 10 puntos.

- Entre 15-20 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos.

S.ord. 24/07/2026



- Entre 21-25 anos, valorarase con ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 25 anos valorarase con 10 puntos.

O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 15 anos de celebración do evento na cidade de Vigo.

## **2.- DETERMINACIÓN DAS CONTÍAS DA SUBVENCIÓN DOS EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO.**

Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos ou congresos relacionado co Turismo MICE, de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Entre 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

1.- A subvención máxima por evento non poderá superar os 25.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

2.- Una vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas se ordenarán de maior a menor respecto á puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigoroso orden de prelación, hasta esgotar o crédito existente.

3.- A valoración final do proxecto de promoción turística deberá alcanzar un mínimo de 25 puntos ou quedará excluído do procedemento de concesión das subvencións.

## **OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e publicada no Boletín Oficial da Provincia.

Cumprido o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Valoración formulará a correspondente proposta de concesión de subvención, de conformidade cos criterios que rexen a convocatoria e a documentación presentada.

Unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor respecto á puntuación obtida, outorgando a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

A proposta elevarase á Xunta de Goberno, quen resolverá a concesión de subvencións. Contra a resolución, que poñerá fin á vía administrativa, poderase interpoñer o oportuno recurso contencioso administrativo e calquera outro que conveña aos dereitos e intereses do interesado.

## **NOVENA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude por evento.  
Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

### DECIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo representante da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar ademais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo I.1. Instancia de solicitude de subvención.
- Anexo I.2. Declaración responsable.
- Anexo I.3. Orzamento de ingresos e gastos segundo os aspectos recollidos na cláusula segunda destas bases.
- Anexo I.4. Modelo Certificación Secretario da entidade
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Certificación bancaria.
- Informe xustificativo da necesidade e oportunidade da actuación tendo en conta os criterios turísticos, así como a súa adecuación ao obxecto da convocatoria, incluíndo unha memoria descritiva das actuacións a realizar que deberá incluír una descrición detallada da actuación a realizar, así como información suficiente que permita valorar os criterios relacionados co interese turístico, concretando os aspectos que se recollen na cláusula sétima destas bases, e o grado de desenvolvemento do proxecto.
- Só para solicitantes de subvención por importe superior a 3.000,00 €, Certificado de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social .

S.ord. 24/07/2026



3.- A solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instructor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunirá os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **DECIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na Web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán emprega-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades de promoción turística promovan e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar ó "Concello de Vigo".





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### **DÉCIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Turismo será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Turismo e a xefa do Servizo de Turismo.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Turismo, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

S.ord. 24/07/2026



#### DÉCIMO CUARTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

As entidades beneficiarias, como entidade executoras das actuacións subvencionables, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométense a asumir a dirección técnica, debendo proceder, en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, de ser o caso, á subcontratación de servizos necesarios para desenvolver as actuación subvencionables, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante as entidades beneficiarias, que asumirán a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración. As entidades beneficiarias serán as responsables de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e exixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os subcontratistas están obrigados/os a facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores en que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a autorización previa de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

#### DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 1 de novembro de 2026 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local. *“Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

*da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan”.*

2.- Ao efecto de xustifica-la subvención os beneficiarios deberán achegar electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica:

- Anexo II.1. Relación de facturas presentadas como xustificación polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable.
- Anexo II.3. Balance de gastos segundo os aspectos recollidos na cláusula segunda destas bases.
- Memoria detallada das accións de promoción turística concretando os aspectos que se recollen na cláusula sétima destas bases, xustificando con material gráfico a realización das accións.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:
  - A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con facturas polo resto do Orzamento. As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
  - Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponíble do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se declare no anexo II.2 no seu momento que o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

### DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Turismo. A xefa do Servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

### DECIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

S.ord. 24/07/2026



**DECIMO OITAVA.- PAGAMENTO.**

1.- O pagamento da subvención terá lugar logo da xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

2.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.****1. Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**VIXÉSIMA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.**

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

### VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos dos solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

### VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2026, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

S.ord. 24/07/2026




## SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

(É requisito **imprescindible** o cumprimento de todos os campos)

|                                                   |  |  |  |          |  |  |  |          |  |                                             |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|---------------------------------------------------|--|--|--|----------|--|--|--|----------|--|---------------------------------------------|--|----|--|-----------------|--|--|--|--|--|----------------|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| Solicitante:                                      |  |  |  |          |  |  |  |          |  |                                             |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Enderezo ou razón social:                         |  |  |  |          |  |  |  |          |  |                                             |  |    |  |                 |  |  |  |  |  | Código postal: |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| CIF:                                              |  |  |  |          |  |  |  |          |  | Número de Rexistro Municipal de Asociación: |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Teléfonos (móbil de contacto e fixo da entidade): |  |  |  |          |  |  |  |          |  |                                             |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Correo electrónico:                               |  |  |  |          |  |  |  |          |  |                                             |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| Número de Conta:                                  |  |  |  |          |  |  |  |          |  |                                             |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
| IBAN                                              |  |  |  | Entidade |  |  |  | Sucursal |  |                                             |  | DC |  | Número de conta |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|                                                   |  |  |  |          |  |  |  |          |  |                                             |  |    |  |                 |  |  |  |  |  |                |  |  |  |  |  |  |  |  |  |

|                    |                     |
|--------------------|---------------------|
| Nome e apellidos:  |                     |
| Enderezo:          | Código postal:      |
| Teléfono contacto: | Correo electrónico: |
| Cargo que ocupa:   |                     |

|                                         |
|-----------------------------------------|
| DENOMINACIÓN DO PROXECTO OU ACTIVIDADE: |
| IMPORTE SOLICITADO:                     |
| EXERCICIO ECONÓMICO                     |





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### EXPOÑO

Que no meu nome e na representación da entidade que represento, comprométome a cumprir coas obrigas esixidas pola normativa de aplicación en materia de subvencións

### SOLICITO

O outorgamento dunha subvención para levar a cabo a dita actividade

**Ter concedidas axudas en réxime de minimis** (Regulamento (UE) 2023/2831) este ano ou nos exercicios anteriores: ☐

| Solicita da              | Concedida                | Ano | Organismo | Orde regulación | Concepto | Importe (€) |
|--------------------------|--------------------------|-----|-----------|-----------------|----------|-------------|
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |     |           |                 |          |             |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |     |           |                 |          |             |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |     |           |                 |          |             |
| <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |     |           |                 |          |             |

A entidade solicitante comprométese a comunicar cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

☐ Estatutos de constitución da entidade  
( só no caso de producirse algunha modificación non inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións)NO ES NECESARIO

☐ Memoria de actividade e orzamento  
☐ Certificado da conta bancaria  
(só no caso de modificación do número de conta respecto ao exercicio económico anterior)

☐ Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento actualizado NO ES NECESARIO PARA LA OBTENCION DE LA SUBVENCION

S.ord. 24/07/2026



**PERSOAS OBRIGADAS A RELACIONARSE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS COA ADMINISTRACIÓN**

De conformidade co disposto no art. 14.2. da Lei/39/2015, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

ASINO, baixo a miña expresa responsabilidade, que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

O/ a solicitante autoriza ao Concello de Vigo a recabar os datos tributarios necesarios ante a AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo.

☐

Autorizo o acceso

Non autoriza- COMPLETA RECUADRO

En caso de non autorizar o acceso deberá achegar certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT, Axencia Tributaria de Galicia e dos pagos coa Seguridade Social e do Concello de Vigo

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás Administracións Públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo na casilla correspondente e achegar unha copia dos documentos.

Certificado da inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións da entidade .

Opóñome á consulta

MOTIVO:

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE VIGO con CIF P3605700H e domicilio social na Praza do Rei s/n, 36202 Vigo, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Vigo. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE VIGO informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio dos poderes públicos.

Con esta cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados no caso de ser necesario a administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento destes, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou mediante escrito na sede electrónica (...>)





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE VIGO con CIF P3605700H e domicilio social na Praza do Rei s/n, 36202 Vigo, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Vigo. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE VIGO informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no



Con esta cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados no caso de ser necesario a administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento destes, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou mediante escrito na sede electrónica (...>)

Vigo, de do

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

Á SRA. CONCELLEIRA DE TURISMO

S.ord. 24/07/2026



**ANEXO I.2****DECLARACIÓN RESPONSABLE****D/Dna**con DNI , en representación de

en virtue de acordo de nomeamento de data

**DECLARO**

- ☐ Que a entidade a cal represento cumpre os requisitos esixidos para obter a condición de beneficiaria. Achego xunto con esta solicitude a documentación acreditativa prevista na lei.
- ☐ Que a entidade á cal represento non está incurso en ningunha das circunstancias que imposibilitan obter a condición de beneficiario das subvencións segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. E que esta entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro ao abeiro do art.31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos termos do art. 21 do Regulamento xeral de subvencións.
- ☐ A entidade a cal represento se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, consonte o disposto no artigo 25 do Regulamento xeral de subvencións, aprobado por R.D. 887/2006, do 21 de xullo.
- ☐ A entidade solicitou as seguintes axudas para a mesma actividade obxecto desta solicitude:

| DESCRICIÓN DAS AXUDAS |            |          |         |
|-----------------------|------------|----------|---------|
| SOLICITADAS           | CONCEDIDAS | ENTIDADE | IMPORTE |
|                       |            |          |         |
|                       |            |          |         |
|                       |            |          |         |
|                       |            |          |         |

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación ante o Concello de Vigo da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas ás que houbese lugar, de acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, de do  
Sinatura do/da solicitante e selo da entidade





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### ANEXO I.3.- ORZAMENTO DE GASTOS NO ANO 2026

|                          |  |      |  |
|--------------------------|--|------|--|
| Don/Dna                  |  | DNI  |  |
| Secretario/a da entidade |  | CIF. |  |

Certifica que o orzamento de ingresos e de gastos previsto no ano 2026 son os seguintes:

| BALANCE DE INGRESOS                    | IMPORTE |
|----------------------------------------|---------|
| Ingresos                               | €       |
| Ingresos patrocinadores                | €       |
| Concellería de Turismo                 | €       |
| Deputación de Pontevedra               | €       |
| Outras subvencións do Concello de Vigo | €       |
| ...                                    | €       |
|                                        | €       |
|                                        | €       |
| TOTAL INGRESOS                         | €       |

| CONCEPTO GASTOS                          | IMPORTE |
|------------------------------------------|---------|
| Gastos Material                          | €       |
| Gastos desprazamentos                    | €       |
| Gastos da campaña de promoción turística | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
| TOTAL GASTOS                             | €       |

Vigo, de de 20

|                                    |                                     |
|------------------------------------|-------------------------------------|
| Sinatura dixital do/a secretario/a | Sinatura dixital do/da presidente/a |
|------------------------------------|-------------------------------------|

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a eventos e congresos de interese turística no ano 2026

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

S.ord. 24/07/2026



**ANEXO I.4****MODELO DE CERTIFICADO DO/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE OU PERSOA QUE TEÑA  
ATRIBUÍDA ÁS FUNCIÓNS DE CERTIFICACIÓN DE FEITOS E ACORDOS****D/Dna****con DNI**  **, secretario/a da entidade** **con CIF** 

- en relación coa solicitude dunha subvención ao Concello para o 2026 para o evento ou congreso de  
interese turístico

**CERTIFICO:**

Que segundo acta/estatutos/escritura.....que tivo lugar o día

 nomeouse presidente/a ou

representante legal a

con  DNI  núm. 

E para que conste e para os efectos oportunos, asino este certificación co conforme do/da  
presidente/a

Vigo, de do

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade

Conforme

O/A presidente/a





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### ANEXOII.1.-RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS - CONTA XUSTIFICATIVA-

|          |  |            |      |
|----------|--|------------|------|
| Entidade |  | CIF        |      |
| Enderezo |  | Localidade | C.P. |
| Tef.     |  | E-Mail     |      |

|                                            |                |         |
|--------------------------------------------|----------------|---------|
| Subvención concedida polo Concello de Vigo |                | €       |
| Importe xustificado                        | Base Imponible | € IVE € |

**Relación de facturas para a xustificación da subvención (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):**

| Nº da factura | Data exped. factura | CIF proveedor | Concepto do gasto | *Base imponible | * IVE |
|---------------|---------------------|---------------|-------------------|-----------------|-------|
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |
|               |                     |               |                   |                 |       |

Suma e segue...

- Tal como se reflexa no Art. 16.2.c.2º da normativa reguladora desta subvención, terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE, ou que se certifique no anexo II.2 que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

S.ord. 24/07/2026



D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ secretario/a da entidade  
CIF: \_\_\_\_\_ certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe  
ascende á cantidade de \_\_\_\_\_ € de base imponible, e \_\_\_\_\_ € correspondente ó IVE  
dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actividade subvencionada  
pola Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

|                                     |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Sinatura dixital do/da Presidente/a | Sinatura dixital do/da secretario/a |
|-------------------------------------|-------------------------------------|

O **órgano responsable do ficheiro** (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

|                          |  |      |  |
|--------------------------|--|------|--|
| D/Dna.                   |  | DNI: |  |
| Secretario/a da Entidade |  | CIF: |  |

#### DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que o evento ou congreso de interese turístico subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de .....€ **(CAMPO OBRIGATORIO. DEBE COINCIDIR CO IMPORTE TOTAL DE GASTOS DETALLADO NO ANEXO II.3)**
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Turismo do Concello de Vigo a comprobar a situación de débedas da entidade coa AEAT, coa TGSS e co Concello de Vigo.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Turismo do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo. De non ser así, marcar: ☐
- Que esta entidade ten solicitadas e/ou concedidas as seguintes subvencións para o desenvolvemento do mesmo proxecto de actividade subvencionado polo Concello de Vigo:

S.ord. 24/07/2026



| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|-------------------------------------------------------------|--------------------|-------------------|
|                                                             | €                  | €                 |
|                                                             | €                  | €                 |
|                                                             | €                  | €                 |

Vigo, de de 20\_\_

|                                     |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Sinatura dixital do/da secretario/a | Sinatura dixital do/da Presidente/a |
|-------------------------------------|-------------------------------------|

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a entidades que desenvolvan eventos ou congresos de interese turística ano 2026.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

### ANEXO II.3.-BALANCE DE GASTOS

|                          |  |      |  |
|--------------------------|--|------|--|
| D/Dna.                   |  | DNI: |  |
| Secretario/a da Entidade |  | CIF: |  |

| BALANCE DE INGRESOS                    | IMPORTE |
|----------------------------------------|---------|
| Ingresos                               | €       |
| Ingresos patrocinadores                | €       |
| Concellería de Turismo                 | €       |
| Deputación de Pontevedra               | €       |
| Outras subvencións do Concello de Vigo | €       |
| ...                                    | €       |
|                                        | €       |
|                                        | €       |
| TOTAL INGRESOS                         | €       |

| BALANCE DE GASTOS                        | IMPORTE |
|------------------------------------------|---------|
| Gastos Material                          | €       |
| Gastos desprazamentos                    | €       |
| Gastos da campaña de promoción turística | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
|                                          | €       |
| TOTAL GASTOS                             | €       |

Vigo, de de 20

|                                      |                                      |
|--------------------------------------|--------------------------------------|
| Sinatura dixital do/da secretario/a: | Sinatura dixital do/da Presidente/a: |
|--------------------------------------|--------------------------------------|

**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de subvencións a eventos relacionados co turismo MICE 2026.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

S.ord. 24/07/2026



**18(644).- APROBACIÓN INICIAL DA CESIÓN GRATUÍTA Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO DA PARCELA MUNICIPAL 494 DO INVENTARIO DE BENS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA BIBLIOTECA PÚBLICA DO ESTADO. EXPTE. 2254/433.**

Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo de data 07/07/2026, informe de fiscalización de data 01/07/2027 e informe xurídico de data 15/07/2026 do Secretario da XMU.

Tralos informes emitíuse informe-proposta do 22/07/2026, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado polo xefe dos Servizos Centrais da XMU, polo xerente da XMU, polo secretario da XMU e pola concelleira-delegada de Área que literalmente dí

**ANTECEDENTES**

1.- O día 14/07/2025 achégase a través do Sistema de Interconexión de Rexistros do Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública, un Oficio asinado electrónicamente con data do 11/07/2025 polo Subdirector General da Subdirección General de Contratación y Gestión Patrimonial da OA Gerencia de Infraestructuras y Equipamientos de Educación y Cultura da Secretaría de Estado de Cultura, dirixido ao Excmo. Alcalde do Concello de Vigo, instando a cesión gratuíta á AGE do solar situado na rúa Lalín, Coia, 6, de Vigo, próximo á Avenida Castelao, con identificador catastral 1946936NG2714N0001MH, xustificando a súa conveniencia para a construción dun edificio de nova planta que albergue a Biblioteca Pública do Estado na cidade de Vigo e considerando que este soar presenta as características necesarias, en canto a superficie e volume edificable suficiente para desenvolver un programa de necesidades tipo para unha Biblioteca destas características e asemade, requirindo a tramitación e remisión da documentación necesaria a estes efectos co obxecto da súa formalización; achéganse axuntos diversos planos de cartografía catastral a escala 1:2.000 da parcela, así como certificación catastral descriptiva e gráfica e plano de situación axuntos -núm. de rexistro entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo R20250077723-.

2.- Pola Concelleira delegada da área de goberno de Urbanismo e Vivenda o día 07/08/2025 resolveuse incoar o procedemento de cesión gratuíta á AGE da parcela núm. 494 do Inventario, situada na rúa Lalín e Camiño Chouzo, s/n, con referencia catastral 1946936NG2714N0001MH, a pedimento da S. G. de Contratación y Gestión Patrimonial da OA Gerencia de Infraestructuras y Equipamientos de Cultura, para a construción da Biblioteca Pública do Estado na cidade de Vigo, encomendar a tramitación do presente procedemento á Oficina de Vivenda e Solo e dar conta da presente Resolución ao Consello desta XMU, en cumprimento do exercicio debido das labores de control, que estatutariamente ten atribuídas (artigo 10.3).

3.- Previa realización de todos os trámites oportunos procedeuse a realizar a depuración física e a iniciar a depuración xurídica desta parcela e en tanto que figura debidamente reflexada a súa realidade física no Catastro como solo carente de edificacións dende o día 09/09/2025, por conseguinte pola Concelleira delegada da área de Urbanismo e Vivenda e Vicepresidenta da XMU, o día 15/09/2025 instouse do Rexistro da propiedade núm. 3 de Vigo, a inscrición das parcelas núms. 494 e 495 do Inventario da XERENCIA resultantes da





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

agrupación e segregación das fincas que foron expropiadas polo proxecto expropiatorio tramitado polo procedemento de taxación conxunta para a obtención dos terreos comprendidos na 1.ª fase do sistema xeral "SX/EQ-DC/C05/a, CIDADE DA XUSTIZA", aprobado definitivamente e a estes efectos, remitiuse a documentación legalmente esixible.

4.- O día 23/01/2026 pola Concelleira delegada da área de Urbanismo e Vivenda e Vicepresidenta da XMU reiterouse a instancia de inscrición rexistral das citadas parcelas ao Rexistro da propiedade núm. 3 de Vigo ao tempo que foi requirida a necesaria certificación rexistral da parcela núm. 494 do Inventario de Bens da Xerencia, acreditativa de que esta atópase debidamente inscrita en concepto de patrimonial a favor do Concello de Vigo; non obstante, o día 10/02/2026 pola rexistradora da propiedade procedeuse primeiramente a practicar un asento intermedio referente á inscrición dunha escritura de aceptación e adxudicación de herdanza outorgada en Vigo o día 29/12/2014, ante a Notario, dona Mónica Alba Castro, baixo o núm. 1064 do seu protocolo, toda vez que no seo do expediente expropiatorio fora emitida calificación negativa suspendendo a inscrición das parcelas municipais núms. 494 e 495 do Inventario de Bens da Xerencia, en tanto non se achegasen diversos documentos relacionados coa nomeada escritura e que no presente expediente foi reiterada esa calificación en termos similares mediante nota do día 27/10/2025.

5.- A pedimento do Xerente Municipal de Urbanismo, pola arquitecta-xefa do Servizo de Planeamento e Xestión o día 15/06/2026 emítese ditame técnico comprensivo de informe urbanístico sobre a descrición, uso e valoración do inmovible que é obxecto de cesión, do que se conclúe que o destino que se pretende outorgar ao mesmo é plenamente compatible co planemento urbanístico vixente e que o seu valor é de 4.513.514,59 € e no que se manifesta expresamente que *"(...) O ben obxecto da cesión está cualificado como solo urbano consolidado. Non está incluído en ningún plan pendente de desenvolvemento, nin de reforma ou adaptación. Este solo está destinado segundo o PXOM 2025 vixente ao uso de Biblioteca do Estado. Polo que, ao tenor do recollido no apartado 1.e) do artigo 110 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, esta parcela non ten previsto outro uso, polo que non é necesario para o Concello de Vigo nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos"*.

6.- Logo de enviar e/ou facer entrega a pedimento do Rexistro da propiedade de mais documentos aclaratorios e/ou de subsanación relacionados co proxecto expropiatorio propiamente dito e que consideraron imprescindibles, finalmente o día 29/06/2026 pola rexistradora do Rexistro da propiedade núm. 3 de Vigo, practicáronse os necesarios asentos de inscrición rexistral das parcelas núms. 494 e 495 do Inventario. E neste senso, o día 30/06/2026 figura incorporada ao expediente a correspondente certificación rexistral acreditativa de que a parcela núm. 494 Inventario, que é a que nos ocupa, atópase debidamente inscrita en concepto de ben patrimonial a favor do Concello de Vigo ao 100% en pleno dominio, como Finca 83053 con Código Rexistral Único 36018000873796, asento practicado en Inscrición 1.ª de data do 29/06/2026.

7.- Tamén o día 30/06/2026 incorpórase ao expediente certificación administrativa do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, co visto e praxe da Concelleira delegada da área de Urbanismo e Vivenda, na que consta que a parcela figura dada de alta no Inventario de Bens da XMU co o núm. 494 e que ten a calificación xurídica de ben patrimonial.

S.ord. 24/07/2026



8.- Previa solicitude do Xerente Municipal de Urbanismo, o día 30/06/2026 anexouse ao expediente informe do xefe dos Servizos Centrais conformado polo Interventor Xeral no que se fai constar que o valor do ben obxecto de cesión non excede do 25% dos recursos ordinarios do orzamento e que non existe débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento deste Organismo Autónomo nin da Entidade Local, en relación co ben que se pretende ceder.

9.- Este informe-proposta foi obxecto de fiscalización pola Intervención con data 01.07.2026 (trámite 212).

10.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria do 07.07.2026, ditaminou favorablemente a proposta á Xunta de Goberno Local de aprobación inicial da cesión gratuíta a favor da Administración General del Estado, da parcela situada na rúa Lalín e Camiño Chouzo, s/n, con referencia catastral 1946936NG2714N0001MH, a pedimento da Subdirección General de Contratación y Gestión Patrimonial da OA Gerencia de Infraestruturas y Equipamientos de Educación y Cultura, para a construción da Biblioteca Pública do Estado na cidade de Vigo.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

### I.- NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana; *BOE núm. 261, de 31/10/2015* (TRLR),
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia; *BOE núm. 81, de 04/04/2016* (LSG),
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia; *DOG núm. 213, de 09/11/2016* (RLSG),
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; *BOE núm. 264, de 04/11/2003* (LPAP),
- Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei do Patrimonio das Administracións Públicas; *BOE núm. 226, de 18/09/2009* (RXLPAP),
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; *BOE núm. 161, de 07/07/1986* (RBEL),
- Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; *BOE núm. 236, de 02/10/2015* (LPAC),
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; *BOE núm. 80, de 03/03/1985* (LBRL),
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; *BOE núm. 96, de 22/04/1986* (TRRL),
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; *DOG núm. 149, de 05/08/1997* (LALGA),
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; *BOE núm. 272, de 09/11/2017* (LCSP),





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; *BOE* núm. 59, de 09/03/2004 (TRLRFL),
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do Control Interno nas entidades do Sector Público Local; *BOE* núm. 113, de 12/05/2017 (RDCI),
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter Nacional; *BOE* núm. 67 de 17/03/2018 (RXHN),
- Real Decreto de 4 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil; *Gaceta de Madrid* núm. 206, de 25/07/1889 (Cód. Civ.),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, na súa versión consolidada ou refundida aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010; *BOPPO* núm. 193, de 06/10/2010.

### II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**1.- Réxime xurídico aplicable.-** O art. 1.2 RBEL establece o réxime de prelación de fontes xurídicas en materia de xestión do patrimonio dos EELL, de forma que atendendo ao seu contido o réxime dos bens das EELL rexerase: a) Pola lexislación básica do Estado en materia de Réxime Local -LRBRL, arts. do TRRL que teñan carácter básico consonte a súa Disposición Final Sétima e preceptos do RBEL e ROF, que reproduzan estas normas básicas-, b) Pola lexislación básica do Estado reguladora do Réxime Xurídico dos bens das Administracións Públicas -isto é, arts. LPAP e RXLPAP, que dispoñan de dito carácter segundo o previsto nas Disposicións Finais Segunda e Terceira LPAP-, c) Pola lexislación que no ámbito das súas competencias diten as CCAAs -LALGA-, d) En defecto da lexislación a que se refiren os apartados anteriores, pola lexislación estatal non básica en materia de Réxime Local e bens públicos -ROF, RBEL e preceptos non básicos da normativa estatal anteriormente citada-, e) Polas Ordenanzas propias de cada entidade, f) Supletoriamente, polas restantes normas dos Ordenamentos xurídicos, administrativo e civil.

De conformidade co disposto nos arts. 5 LRBRL, 1.1 TRRL, 270 LALGA, 3 ROF e 9.1 RBEL, as Entidades Locais para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias e de acordo coa Constitución e as Leis, teñen plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigarse, interpoñer os recursos establecidos e exercer as accións previstas nas Leis.

Segundo os arts. 80.2 LRBRL, 267.2 LALGA e 6.2 RBEL, os bens patrimoniais réxense pola súa lexislación específica e, no seu defecto, polas normas de Dereito privado.

Por outro lado, o art. 9.2 LCSP exclúe do seu ámbito de aplicación os contratos patrimoniais -e entre eles o contrato de doazón, ao que podería equipararse a presente cesión-, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexeranse pola súa lexislación propia, é dicir pola LPAP e o RXLPAP que a desenvolve e especialmente polo RBEL; non obstante, aínda que excluídos e a pesar de rexerse polas súas normas especiais, o art. 4 LCAP limita ou matiza esta

S.ord. 24/07/2026



exclusión pois permite aplicar os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Por último, respecto dos bens patrimoniais, como o que é obxecto do presente procedemento, o art. 109.2 RBEL establece que as entidades locais poderán ceder gratuitamente os bens patrimoniais a entidades publicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal. No mesmo senso os artigos 145 e seguintes da LPAP, supletorios para a administración local, referidos á cesión gratuíta para usos ou fins de interese social, nos supostos previstos na lexislación vixente e cumprindo os requisitos establecidos nela.

**2.- Procedemento de adxudicación.-** Os bens calificados como patrimoniais poden ser cedidos polas Entidades Locais, se ben faise necesario o cumprimento de determinadas formalidades para garantir a protección do patrimonio da Entidade e as garantías procedimentais da súa cesión.

Os arts. 79 TRRL e 109 e 110 RBEL, regulan a cesión gratuíta de bens inmoables patrimoniais, se ben establecen ao respecto dúas limitacións:

- a) Que a cesión se realice a Entidades ou Institucións públicas ou Institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro,
- b) Que os fins da cesión redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

Neste suposto, unha vez depurada a situación física e xurídica do inmoable practicándose o seu deslinde se fose necesario e inscribíndose no Rexistro da propiedade se non o estivese, consonte ao art. 113 RBEL e recabado o necesario informe urbanístico sobre descrición, uso e valoración do inmoable, de conformidade co establecido no art. 118 en relación co art. 109 RBEL, faise necesario instruír un expediente no que haberán de incorporarse todos os documentos que esixe o art. 110.1 RBEL:

- a) Xustificación documental pola propia Entidade ou Institución solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que persegue van redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal,
- b) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa de que os bens están debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade Local,
- c) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no Inventario aprobado pola Corporación coa antedita calificación xurídica,

Se ben a finca descrita, como se indica no antecedente setimo, atópase rexistrada no Inventario de Bens da Xerencia, dende o punto de vista leagl, e de conformidade co sinalado no artigo 133 da LSG e no artigo 330 do RLSG, a mesma non forma parte do Patrimonio Público do Solo.

- d) Informe do Interventor de fondos no que probe non ter débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento municipal,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

e) Ditame suscrito por técnico que asevere que o ben non se atopa comprendido en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non é necesario para a Entidade Local, nin é previsible que o sexa no dez anos inmediatos,

f) Información pública por prazo non inferior a quince días. Non obstante, a este respecto débese facer notar que o art. 83.2 da LPAC, de carácter básico, dispón que este prazo en ningún caso poderá ser inferior a vinte días.

A este respecto, tal e como quedou exposto nos antecedentes deste informe, no expediente que nos ocupa foi depurada a situación física e xurídica do inmovble que se pretende ceder e recabado o necesario ditame técnico comprensivo tamén de informe urbanístico sobre descrición, uso e valoración do ben e así mesmo, foi recabada toda a documentación enumerada no parágrafo anterior, sendo que a estes efectos débese entender achegada a xustificación documental do carácter público da entidade solicitante, así como a Memoria demostrativa de que os fins que persegue redundarán de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal de Vigo, coa documentación que deu orixe á incoación deste expediente e que se describe no punto 1 dos antecedentes.

Por conseguinte, o órgano competente deberá adoptar un Acordo de aprobación inicial da cesión e expoñer ao público o expediente polo prazo legalmente establecido, Acordo no que deberá incluírse a pertinente comunicación á autoridade competente da Comunidade Autónoma de conformidade co art. 109.2 RBEL ou no seu caso, que foi recabada a correspondente autorización; neste senso, consonte ao establecido nos arts 79 TRR, 276 LALGA e 109.1 RBEL, en todo caso, de todo alleamento, gravame ou permuta de bens inmoables que se realice, terá que darse conta ao órgano autonómico competente, non obstante cando o seu valor exceda do 25% dos recursos ordinarios do orzamento anual da Corporación, recabarase ademais a autorización legalmente necesaria daquel.

De conformidade co informe do xefe dos Servizos Centrais conformado polo Interventor Xeral, o valor do inmovble que se cede non excede do 25% dos recursos ordinarios do orzamento municipal, polo tanto será suficiente a comunicación á CCAA; cómpre suliñar neste contexto, que esta comunicación á CCAA está en consonancia co disposto art. 56.1 LRBRL pois as EELL teñen o deber de remitir ás Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, nos prazos e forma que regulamentariamente se determinen, copia, ou, no seu caso, extracto comprensivo dos actos e Acordos das mesmas. Os Presidentes e, de forma inmediata, os Secretarios das Corporacións serán responsables do cumprimento deste deber.

Por outro lado, débese facer notar que o art. 111 RBEL dispón que si os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo sinalado no Acordo de cesión ou deixasen de selo posteriormente, considerárase resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación local, a cal terá dereito a percibir da Entidade beneficiaria, previa taxación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

Se no Acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os que se tivera outorgado deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes.

S.ord. 24/07/2026



Os bens cedidos revertirán, no seu caso, ao Patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertencencias e accesións.

Polo exposto, o presente Acordo de cesión suxeitarase ás seguintes condicións:

1.- O fin único e exclusivo co que se dispón a cesión deste ben é o de ser destinado á execución da Biblioteca Pública do Estado, debendo acreditarse o cumprimento de dita finalidade e destino no prazo máximo de cinco anos e manterse durante os trinta anos seguintes,

2.- A titularidade do ben revertirá automaticamente no Concello de Vigo, con todas as súas pertenzas e accesións e en perfecto estado de conservación, cando se modifique a finalidade e destino do ben ou se incumpla pola entidade cesionaria algunha das condicións establecidas,

3.- Que todos os gastos e impostos que se deriven dos actos preparatorios e de formalización e materialización do presente Acordo sexan aboados polo cesionario.

Noutro orden de cousas, deixar constancia de que emítese o presente informe pola tax adscrita á Oficina de Vivenda e Solo, en tanto que pola Concelleira delegada da área de goberno de Urbanismo e Vivenda e Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo na resolución do día 07/08/2025 de incoación do procedemento de cesión gratuíra á AGE da parcela, situada na rúa Lalín e Camiño Chouzo, s/n, con referencia catastral 1946936NG2714N0001MH, encomendouse a esta Oficina a súa tramitación; non obstante, ex art. 172.1 ROF recabarase o conforme do xefe desta Oficina, así como o do xerente municipal de Urbanismo, consonte ao art. 12.1.g) dos Estatutos da XMU e con todo, recabarase tamén unha nota de conformidade do Secretario da XMU (art. 13 dos Estatutos da XMU e art. 112.2 LPAP, en relación cos arts. 3.3.b) e art. 3.4 RXHN).

Ademais, con carácter previo á adopción do presente Acordo e en cumprimento do establecido polos arts. 214 TRLRFL, 8.2 RDCI, 4.1.a) RXHN e 13 dos Estatutos da XMU, será requirido o preceptivo informe de fiscalización previa por parte da Intervención municipal.

**3.- Formalización e publicidade rexistral da cesión.-** Segundo o disposto polo art. 37.1 LPAP a inscrición no Rexistro da propiedade practicarase de conformidade co previsto na Lexislación Hipotecaria e nesta Lei e o art. 113.2 da LPAP dispón que as cesións gratúitas de bens inmoables ou dereitos reais sobre os mesmos, cando o cesionario sexa outra Administración Pública, Organismo ou Entidade vinculada ou dependente, formalizaranse en documento administrativo que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da propiedade.

Neste senso, o art. 128 RXLPAP establece que a cesión formalizarase en escritura pública, salvo que o cesionario sexa unha Administración Pública ou organismo dela dependente, en cuxo caso formalizarase en documento administrativo, dacordo co sinalado no artigo 113 da LPAP. A inscrición no Rexistro da Propiedade practicarase polo cesionario nos termos previstos no artigo 151.2 da Lei, sendo de conta do cesionario os gastos que se puideran xerar no tempo que medie entre a formalización do documento administrativo e a súa inscrición rexistral.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

O art. 151.2 LPAP establece que se a cesión tivese por obxecto bens inmobles ou dereitos reais sobre eles, procederase á práctica do correspondente asiento a favor do cesionario no Rexistro da propiedade, e non surtirá efecto a cesión en tanto non se cumprimente este requisito, para o cal o cesionario deberá comunicar á Dirección General del Patrimonio del Estado a práctica do asiento.

Na inscrición farase constar o fin ao que deben dedicarse os bens e calesqueira outras condicións e cargas que leve aparelhada a cesión, así como a advertencia de que o incumprimento das mesmas dará lugar a súa resolución.

**4.- Competencia.-** Ao abeiro do artigo 10.1.j) dos Estatutos correspóndelle ao Consello da Xerencia, elevar propostas ao Concello sobre asuntos da súa competencia que, de acordo co disposto nas disposicións legais, deban ser aprobados por algún órgano do Concello.

A este respecto e aínda que o art. 110 RBEL dispón que a cesión gratuíta dos bens requirirá Acordo do Pleno da Corporación adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros. Non obstante a normativa específica dos Concellos de gran poboación, como é o caso de Vigo, en concreto o art. 127 LRBRL e Disposición Adicional 2.<sup>a</sup>, apartado 11, da LCSP, delegan e reservan as competencias de contratación, concesións e alleamento de patrimonio -onde se debe encadrar a presente cesión gratuíta-, á Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, será o Consello da XMU o órgano competente para elevar a presente proposta de Acordo á XGL.

**5.- Recursos.-** Dispón o art. 110.3 LPAP que deberán considerarse actos xurídicos separables, os que se diten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos patrimoniais e, en consecuencia, poderán ser impugnados ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo de acordo coa súa normativa reguladora. O presente Acordo trátase en todo caso dun acto preparatorio e de trámite, non obstante para o caso de que non haxa reclamacións ou suxerencias terá a consideración de definitivo; con todo, de ser ese o caso, unha vez incorporado ao expediente o correspondente certificado do Secretario da XMU acreditativo de que rematada a información pública non houbo alegacións, ditarase a correspondente resolución pola Concelleira delegada da área de Urbanismo e Vivenda e Vicepresidenta da xerencia municipal de Urbanismo declarativa da aprobación da cesión con carácter definitivo de xeito automático.

Consonte aos arts. 123 e 124 LPAC e 46 LRXCA os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos en reposición perante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou ben, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados ambos prazos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso que estime pertinente. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

S.ord. 24/07/2026



En consecuencia, visto todo o que antecede, a normativa de pertinente aplicación e o ditame favorable e proposta aprobada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na sesión ordinaria do 07.07.2026, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a cesión gratuíta a favor da Administración General del Estado, da parcela - situada na rúa Lalín e Camiño Chouzo, s/n, con referencia catastral 1946936NG2714N0001MH, a pedimento da Subdirección General de Contratación y Gestión Patrimonial da OA Gerencia de Infraestruturas y Equipamientos de Educación y Cultura, para a construción da Biblioteca Pública do Estado na cidade de Vigo, inscrita co carácter de ben patrimonial no Rexistro da Propiedade de Vigo núm. 3, como Finca 83053 con Código Rexistral Único 36018000873796, a favor do Concello de Vigo ao 100% do pleno dominio, en Inscripción 1.<sup>a</sup> de data do 29/06/2026, cunha superficie de 5.898,00 m<sup>2</sup> de superficie e cuxos lindeiros son:

Norte: María Mercedes e Benigno Iglesias Fdez, Camiño do Chouzo e Alfredo Pujales Fernández en liña quebrada de vinte e sete metros con noventa e tres centímetros lineais, dazaoito metros con vinte e oito centímetros lineais e cincuenta e dous metros con corenta e dous centímetros lineais; Sur: Rúa Lalín en liña de cento nove metros con oitenta centímetros lineais; Leste: Xunta de Galicia -Edificio dos Xulgados, en liña de trinta e sete metros con corenta centímetros lineais-; e Oeste: Parcela núm. 2 da segregación da parcela da expropiación da Cidade da Xustiza -Finca rexistral 83054-, Rosa e Nemesio González Fernández, Belarmino e Jose Carlos Fernández Mouriño en liña mixta de cinco metros con noventa centímetros lineais, trinta metros lineais e corenta e tres metros con setenta e tres centímetros lineais.

Con suxeición ás seguintes condicións:

- 1.- O fin único e exclusivo co que se dispón a cesión deste ben é o de ser destinado á execución da Biblioteca Pública do Estado, debendo acreditarse o cumprimento de dita finalidade e destino no prazo máximo de cinco anos e manterse durante os trinta anos seguintes,
- 2.- A titularidade do ben revertirá automaticamente no Concello de Vigo, con todas as súas pertenzas e accesións e en perfecto estado de conservación, cando se modifique a finalidade e destino do ben ou se incumpla pola entidade cesionaria algunha das condicións establecidas,
- 3.- Que todos os gastos e impostos que se deriven dos actos preparatorios e de formalización e materialización do presente Acordo sexan aboados polo cesionario.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o expediente por un prazo de vinte días hábiles mediante a publicación do anuncio correspondente ao extracto comprensivo do presente Acordo no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, así como no Taboleiro de Anuncios e Editos da sede electrónica do Concello de Vigo, aos efectos de que os interesados poidan achegar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren pertinentes para o cal poderán examinar o expediente completo na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 2128/1102

Para o caso de que non se achegue ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado este Acordo ata ese momento provisional.

TERCEIRO.- Notificar o presente Acordo á Subdirección General de Contratación y Gestión Patrimonial da OA Gerencia de Infraestruturas y Equipamientos de Educación y Cultura aos efectos de que pola AGE en calidade de entidade cesionaria se adopte e comuniquen o conseguinte Acordo de aceptación.

CUARTO.- Comunicar o presente Acordo á autoridade competente da Comunidade Autónoma, entendendo por tal a Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no art. 109.2 do RBEL.

QUINTO.- Facultar á Concelleira delegada da área de goberno de Urbanismo e Vivenda e Vicepresidenta da XMU, tan amplamente como proceda para a sinatura de calquera documentos que sexan necesarios para a materialización do presente Acordo coa consecuente inscrición no Rexistro da propiedade da cesionaria como nova Administración Pública titular.

SEXTO.- Dar traslado do presente Acordo ao departamento de Servizos Centrais, así como ao servizo de Planeamento e Xestión do departamento de desenvolvemento Urbanístico da XMU e ao servizo de Patrimonio do Concello, para a súa constancia.

O presente informe realízase en cumprimento de la dilixencia de 16 de xullo pasado - trámite 229 do expediente- asinada por la Secretaria de Gobierno Local co conforme da Concelleira-Secretaria da Xunta de Gobierno Local.

### **ACORDO**

A Xunta de Gobierno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(645).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

XS.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez

S.ord. 24/07/2026

